

**CAIXA DE  
AFORROS  
DE GALICIA**  
AREA DO FERROL



**Ateneo Ferrolán**  
Un lugar de encontro para a cultura  
Fundado en 1879  
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol  
www.ateneoferrolan.org

O Ateneo

a o

«Dia das Letras Galegas»

17 Maio 1979

## Distinción

Nos primeiros días do pasado mes de febreiro foi dado a coñecer o fallo do premio «Benito Vicetto», instituído polos profesionais de prensa e radio ferrolanos e que ven a substituír ao anteriormente denominado «Ferrolano del año» que fora outorgado a Torrente Ballester e Carballo Calero. No presente ano foi declarado deserto se ben dado o número de votos acordouse facer 3 mencións especiais, 2 a individualidades (o inxeñeiro Primitivo González e o médico Méndez, residente en USA) e un a unha agrupación que recaiu na nosa sociedade, «polos seus esforzos a favor do desenvolvemento cultural da cidade».

## COMPONENTES DA NOVA XUNTA DIRECTIVA

PRESIDENTE .....	Xaime Quintanilla Rico
VICE-PRESIDENTE .....	Luis Mera Naveiras
SECRETARIO .....	Anxel Fernández Pico
TESOUREIRO-CONTADOR .....	Xosé Gómez Casal
VOCALIA DE PUBLICACIONES .....	Roberto Casteleiro Fernández Mario Valdivieso
VOCALIA DE CIENCIAS E HUMANIDADES .....	Xosé M.ª Dobarro Paz Xesús Cernadas Luis Sanesteban Cao Manuel Bouzón Carlos Prado Hortensia Pérez Landeira Guillermo Llorca
VOCALIA DE MUSICA .....	Luis Mera Naveiras
VOCALIA DE CINE .....	Xosé Torregrosa Alfonso Varela Fuco Alvarez Pernas
VOCALIA DE ARQUEOLOXIA .....	Armando García Rivas
VOCALIA DE ARTES PLASTICAS .....	Xoan Xosé Braxe
VOCALIA XESTORA DE LOCAL SOCIAL .....	Manuel Couce

Unión de enxeñeiros e arquitectos  
**Fundado en 1879**  
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol  
[www.ateenferrolan.org](http://www.ateenferrolan.org)

*Finian*

Como primeira manifestación desta tan comprometida presidencia —pola enorme talla intelectual e humana da miña predecesora—, quixera reafirmar as súas liñas directrices básicas.

Dunha parte insistir na petición da vosa participación no Ateneo dunha forma activa, para que o feito de ser sócio non se limite ao pago dunha cota e a algunha asistencia esporádica a un acto. O Ateneo somos todos e entre todos temos que lle dar vida.

A outra liña é potenciar a pluralidade (en todas as ordes) das persoas que formamos o Ateneo, diversificación tan importante para a riqueza da nosa sociedade, e en consonancia coa recién estreada democracia municipal.

Non quixera deixar de mencionar neste saúdo unha meta que todos desexamos se acade axiña (para a que prometo a miña dedicación), que podamos lograr no prazo máis corto posíbel, un local que sexa para todos un auténtico lar.

Como primera manifestación de esta tan comprometida presidencia —por la enorme talla intelectual y humana de mi predecesora—, quisiera reafirmar sus dos líneas directrices básicas.

De una parte insistir en la petición de vuestra participación en el Ateneo de una forma activa, para que el hecho de ser socio no se limite al pago de una cuota y a alguna asistencia esporádica a un acto. El Ateneo somos todos y entre todos tenemos que darle vida.

La otra línea es potenciar la pluralidad (en todos los órdenes) de las personas que formamos el Ateneo, diversificación tan importante para la riqueza de nuestra sociedad, y en consonancia con la recién estrenada democracia municipal.

No quisiera dejar de mencionar en este saludo una meta que todos deseamos se alcance pronto (para la que prometo mi dedicación), que podamos lograr en el plazo más corto posible, un local que sea para todos un auténtico hogar.



**Atenco Ferrolán**  
Un lugar de encuentro para a cultura  
**Fundado en 1879**  
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol  
[www.atencoferrolan.org](http://www.atencoferrolan.org)

# Vocalias

# Vocalía de Publicacións

LOXAN  
DISEÑO CULTURAL

Como espõilamos no noso primeiro boletín, a vocalía de publicacións <sup>1979</sup> como misión estruturar esta revista, aínda que, practicamente, é toda a "directiva quen compón o «consello de redacción». Cremos ter enriquecido sensíbelmente este segundo número. X. X. Braxe, o noso vocal de artes plásticas, ten plasmado na portada o incesante ritmo acadado hoxe polo Ateneo. As aportacións vanse facendo estábeis, constantes, o que presaxia un ritmo contínuo, con certa periodicidade, como son as aportacións de J. Ermengol. Tal vez, estamos obrigados a resaltar especialmente varias primicias como a donación en libros de Álvaro Paradela e unha grande riqueza documental sobre a obra do músico Baudot, cedida ao Ateneo polo seu fillo, e, que, pola súa importancia, ofrecemos a primeira catalogación feita por éste, Gregorio Baudot Mansilla.

Por último, Domingo Quiroga cedeu os seus dereitos exclusivos para reeditar o artigo impublicado sobre ecoloxía que hoxe insertamos baixo o epígrafe «Colaboracións».

NOTA.— Os artigos que van en galego unificado seguen, en liñas xerais, as normas da Cátedra de Língua e Literatura Galega da Universidade de Santiago, e débese a súa tradución a X. M. do Barro.

Os artigos non redactados en galego non foron traducidos por expreso desexo dos seus autores.

# Vocalía de Ciencias e Humanidades

A vocalía de ciencias e humanidades sempre preocupada por aqueles temas que fan relación a problemas do país, organizou dúas mesas-debate, unha sobre «A lagoa de Valdoviño» e outra sobre «A marea negra», coa intención de iniciar un seminario que incida en tan grave problema, que deteriora a nosa xa grave situación económica.

Tamén dentro desta temática de problemas sociais realizáronse outros dous actos. Unha mesa-redonda sobre os medios de comunicación audiovisuais en Galicia e unha conferencia de García-Pablo, presidente da OCU, sobre o problema do consumo e os dereitos dos consumidores.

Do ciclo «Recuperar a nosa historia» organizáronse tres conferencias. «Ferrol en el s. XVIII: el barrio de la Magdalena», «Urbanismo militar y civil en Ferrol en el s. XVIII» e «Gregorio Baudot: un marino al servicio de Galicia y su música», que corren a cargo de Alfredo Vigo Trasancos, Juan Rodríguez-Villasante e Roxelio de Leonardo, respectivamente.

Asímesmo, quixemos render homenaxe a algunhas figuras da literatura española que debido ás circunstancias políticas non puideran ter no seu día. Así celebrouse un acto dedicado a León Felipe consistente nunha aproximación ao autor por parte de José R. Ripoll e na lectura dalguns poemas por parte de Laura P. Landeira. Tamén foi pronunciada por Xesús Alonso Montero unha conferencia sobre Antonio Machado á que seguirá outra sobre o mesmo poeta de Aurora de Albornoz, así como unha de José Luis Cano sobre Federico García Lorca.

Finalmente, esta vocalía ocupouse de levar adiante os premios literarios consistentes este ano nun concurso de narracións curtas e outro de ensaios dedicado exclusivamente a temas ferrolanos.

As bases destes concursos aparecen nas páxinas deste boletín o mesmo que unha máis ampla información sobre algúns dos actos celebrados.

# Relación das Obras do Maestro «Gregorio Baudot» que se levan recopiladas ou localizadas ate o 20 de Xunio do 79

(segue a busca e catalogación)

Resume	1
OPERAS ... ..	2
OBRAS SINFONICAS ... ..	30
ZARZUELAS ... ..	8
RELIXIOSAS ... ..	16
HIMNOS ... ..	12
MARCHAS MILITARES ... ..	10
PASODOBLES, MARCHAS POPULARES, ETC. ... ..	12
SUMAN ... ..	90

Gregorio Baudot naceu en Colmenar Viejo (Madrid) o 12 de Marzo de 1884 e morreu en Ferrol o 4 de Novembro de 1938. Tiña, pois, 54 anos cando faleceu.

Comenzou a estudar música cando tiña 7 anos (1891). Ingresou no Real Conservatorio de Madrid en 1897 e terminou os seus estudos no mesmo en 1906. Durante o curso 1905 non cursou oficialmente estudos xa que formaba parte dunha orquestra, actuando no Teatro Real de Madrid, Gran Casino de San Sebastián, etc.

En 1908-9 formando parte nun quinteto de instrumentos de vento percorreu as principais cidades de Cuba así como New York e Filadelfia. Ao regreso desta xira casou e en 1910 ingresou como director da Banda de Infantería de Mariña de Ferrol onde, excepto tres anos que estivo destinado en Larache (Africa), residiu.

Durante os anos 1937-38, viveu na Coruña na rua Marcial del Adalid, 23-2.º. Nesta cidade enfermou moi gravemente e foi trasladado ao hospital de Mariña de Ferrol, lugar onde faleceu ao pouco tempo. (É un dado curioso que no tempo de permanencia na Coruña vivise na rúa que leva o nome dun célebre compositor galego).

## OPERAS

- 1.— «La Figlia de Yorio» (a filla do bruxo). Letra de Gabriel D'Annunzio (1905).
- 2.— «Catuxa». Folclórica galega. Letra de A. Torrado (1928).

## SINFONICAS

- 1.— «Entre montañas». Sinfonía (1900).
- 2.— «Polonesa». Para flauta (1903).

- 3.—«Las bodas de Camacho» (do Quijote). Para solos, coro e orquestra (4-3-1905).
- 4.—«Ojos que la vieron ir». Romanza (1904).
- 5.—«Nocturno y alborada» (1904).
- 6.—«Un sueño amoroso». Fantasía. Dúo de trompas (1905).
- 7.—«Danza pastoril» (1905).
- 8.—«Andante». Para flauta con acompañamento de piano e instrumentos de vento (1905).
- 9.—«El estío». Poema sinfónico. Cantata para grande orquestra (1905).
- 10.—«El triunfo del amor». Poema sinfónico (1905).
- 11.—«Seis sonatas para flauta». (1906).
- 12.—«Aurora». Sinfonía. Andante para 8 flautas (1906).
- 13.—«Sola». Poema sinfónico. Andante núm. 3 (1906).
- 14.—«Dúo de trompas». (1906).
- 15.—«Danza ideal». Estrenada en San Sebastián, Madrid y París (1907).
- 16.—«Concierto para ocho flautas». (1906).
- 17.—«Las odaliscas». Capricho (1908).
- 18.—«Album de canciones morunas». Recopilación de cancións en África (1915-18).
- 19.—«Album de canciones y bailes de España». (1929-32).
- 20.—«Dolora sinfónica». Sexto tempo da suite «Los caminantes». Estreouse no Teatro Rosalia de Castro da Coruña pola Orquestra Sinfónica de Madrid sob a dirección do Maestro Arbós o 12 de maio de 1915.
- 21.—«Layeta». Estudio. Ano descoñecido.
- 22.—«Fuga fonal». A catro voces. Ano descoñecido.
- 23.—«Alborada». Ano descoñecido.
- 24.—«Jota». Ano descoñecido.
- 25.—«Capricho oriental». Ano descoñecido.
- 26.—«Madrid. Sinfonia. Ano descoñecido.
- 27.—«Los caminantes». Suite en seis tempos: nenez, alegría, amor, forza, decadencia e dor e morte.
- 28.—«Serenata».
- 29.—«Romanza». Para canto e piano.
- 30.—«Cuateto inacabado». Flauta Iro. e 2do., violoncelo e piano. (As obras 21 a 30 poden considerarse incluídas na produción dos anos 1905 a 1908).

### ZARZUELAS

- 1.—«La heredera». Nun só acto e tres cuadros. Letra de A. Torres y Lasso (1901).
- 2.—«Diana cacciatrice». Scena campestre satírico-musical in un acto. Libretto di Antonio Ossete. Traduzione da Umberto Gabrielli.
- 3.—«Aires de la sierra». En colaboración con Conrado del Campo (1905).
- 4.—«Luces de verbena». De costumes madrileños. En tres actos (1911).
- 5.—«Mari-Lorenza». En tres actos. De costumes salmantinos. Letra de V. Escotado y Torres (17-8-1930).
- 6.—«Zoraya». Lenda lírica de ambiente moruno. En dous actos (1930).
- 7.—«La eterna paz». Cómico satírico. En tres actos (1931).
- 8.—«X». Colaborou co maestro Soutullo na súa obra póstuma, cedendo todos os seus dereitos en favor da Sra. Viuva.

### RELIXIOSAS

- 1.—«Gran Misa». Inacabada (Febreiro 1903).
- 2.—«Credo». (1903).
- 3.—«Agnus». (Agosto 1911).
- 4.—«Gloria in excelsis Deo». A cinco voces, dous coros e Grande Orquestra 13-9-1911 (homes e mulleres).
- 5.—«Gran Misa». A oito voces, dous coros, dous órganos e grande Orquestra Estreouse na Igrexa Parroquial de Colmenar Viejo (Madrid) o 16-9-1911. Colaboraron desinteresadamente as grandes orquestras Sinfónica e Filarmónica de Madrid cos seus directores Arbós e Pérez Casas, así como os Coros e Cantantes do Real Conservatorio e Teatro Real madrileños.
- 6.—«Marcha fúnebre». Para Banda Militar (1912).
- 7.—«Marcha solemne». Para Banda Militar (1912).
- 8.—«Requiem eternam». Marcha fúnebre para Banda Militar. Á memoria do seu amigo Félix León (10-2-1914).
- 9.—«Villancico». Para a súa filla Felisa.
- 10.—«Miserere». (1921).
- 11.—«Benedictus». A catro voces masculinas (26-8-1928).
- 12.—«Salve». A catro voces e orquestra.
- 13.—«Andante religioso».
- 14.—«Sanctus».
- 15.—«O cor amoris». Motete a dúas voces.
- 16.—«Plegaria a la Virgen». (Desde o núm. 12 ao 16 descoñécense as datas de composición mais poderían catalogarse como dos anos comprendidos entre 1910 e 1928).

### HIMNOS

- 1.—«Himno a España». Premio Infanta Isabel. Primeiro premio dos Xogos florais de Ferrol do 3-2-1911. Mantenedor D. Esteban Bilbao.
- 2.—«Himno a Concepción Arenal». (1911).
- 3.—«Himno a las Juventudes Católicas». Letra de D. Manuel Comellas. Dedicado a S. A. R. a Infanta Isabel. Diploma de Honor e regalo da Infanta (1911).
- 4.—«Himno católico». (1912).
- 5.—¡Gloria! ¡Gloria! Canto épico dedicado ao exército do Rif. (1912). Homenaxe ás viúvas e orfos dos caídos en África. Organizou o Orfeón «Juventud Benéfico-patriótica» formado por obreiros do Arsenal. Actuando para tales fins benéficos foi apuñalado e ferido de bala até o extremo de se temer pola súa vida. Restablecido perdoou os atacantes. Polo conxunto de feitos tan altruistas e beneméritos foi proposto para a medalla de ouro da cruz vermella.
- 6.—«Himno a los poetas». Letra da grande poetisa e escritora coruñesa Sofía Casanova. Primeiro premio nos Xogos Florais de Ferrol de 1913. Regalo da Infanta Isabel.
- 7.—«Himno a Tenerife». Presentado fora de Concurso. Mención honorífica e Diploma (2-5-1915).
- 8.—«¡Lealtad!». Himno de Infantaría de Mariña. (África 1915).



- 9.— «¡Patria!». (África 1915).
- 10.— «A los héroes del Rif». Canto épico (África 1915).
- 11.— «Himno al Racing Club Ferrol». (1920). Dedicado ao seu entrañábel amigo Herminio Parguñá.
- 12.— «Himno a la Marina». Obra póstuma (29-10-1936).

#### MARCHAS MILITARES

- 1.— «Almirante May». Almirante Xefe da Frota inglesa recalada en Ferrol (15-2-1911).
- 2.— «Comandante Solá». (1912).
- 3.— «Ave Fenix». (1912).
- 4.— «Coronel Súnico». (1912).
- 5.— «Almirante Morgado». (1913).
- 6.— «El Rhin». (1914).
- 7.— «Retretta Cívico-Militar». (1919).
- 8.— «Los Caballeros del Siglo de Oro». (1919).
- 9.— «Los Héroes del Tojito». (1921).
- 10.— «Os fillos de Canido». (1922).

#### PASODOBLES, MARCHAS POPULARES, ETC.

- 1.— «Viva la tuna». Estudiantina (1919).
- 2.— «A una doncella». Rondalla ás Pepitas (1919).
- 3.— «El tren de la alegría». Marcha popular descriptiva composta para a inauguración do ferrocarril Betanzos-Ferrol (7-5-1913). Dedicada a D. Frutos Saavedra Meneses iniciador do dito ferrocarril. Foi felicitado persoalmente pola Infanta Isabel que lle pediu unha copia da obra. Ese mesmo día e ao pasar revista ás forzas da Infantaria de Mariña no Cuartel de Dolores escoitou como despedida o himno da Infantaria de Mariña cantado por todo o Reximento, sendo grande a emoción que lle produciu que pediu fose á súa presenza o compositor e director da banda para felicitalo. Cando o Maestro Baudot estaba cerca a Infanta exclamou: «¡Pero eres tú, pequeño!». Baudot fora recoñecido pola Infanta que o lembraba de cando ia ao Pazo todos os xoves a tocar para ela, despois de que o vise actuar no Teatro Real como flauta solista cando o maestro contaba 16 anos e era alumno do Conservatorio.
- 4.— «Lugo-Ferrol». Popular de arcs galegos (1920).
- 5.— «Tontolini dibujante». Paródia cómico-satírica escrita para unha función benéfica representada polos seus fillos Felisa e Gorín (1923).
- 6.— «Noche de amor». Vals.
- 7.— «Mercedes».
- 8.— «Consuelito».
- 9.— «Airiños da miña terra». Dedicada a esta agrupación.
- 10.— «Tango a los lunares».
- 11.— «Habanera núm. 4».
- 12.— «Ferrol-Amador». Dedicado ao seu bon amigo Teodoro Amador.

## Vocalía de Música

Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

fundado en 1879

Hai pouco tempo, na nosa primeira comunicación convosco, considerabamos a necesidade de aplicar novos conceptos á música, que en absoluto representaban nada novo. Somente queriamos seguir unha estrutura de desenvolvemento educativo e gradual para aumentar e cultivar a nosa educación musical. A idea, inviábel nesta etapa, diversas causas o impediron, deunos motivos para recapitular e pensar no porvir e intentar adaptar a nosa estrutura co «anelo musical do sócio», manifestado repetidamente nun amplo espectro de actos que até hoxe temos ofrecido e proxectamos realizar. Partindo da base de que a música forma parte de todo un conxunto de intereses interdisciplinares que hoxe, talvez máis que antano, está estreitamente relacionada con outras materias, con outros aconteceres aos que impregna e á súa vez recibe a súa correspondente influencia, é polo que queremos tratar a música e canto a rodea desde todos os ángulos e perspectivas posibles.

Para a vocalía de Música, o «anelo musical do sócio» maniféstase a través da audiencia aos diferentes recitais, concertos, conferencias, que se teñen organizado. Isto é o baremo para proseguir no noso labor, ante a ausencia de respostas á encuesta do primeiro boletín.

Mantendo o interese de querer encher un oco do noso reducido panorama musical, os actos organizados son:

#### — Actos programados —

27-10-78 Conferencia do compositor e crítico musical da revista «Ritmo» e da «Voz de Galicia», Enrique X. Macías. O núcleo da súa exposición foi a penetración en profundidade no ser e no facer do músico do noso tempo, algo que está relacionado co núcleo da súa mentalidade, nunha actitude de apertura a coñecer todas as culturas musicais, sen mixtificacións do pasado, mantendo un criterio de non aceptación dunha soa escola, para así unir todas as escolas nunha síntese creativa.

Nesta aproximación á nova música fixo semblanza dos compositores Arnold Schönberg, A. Berg, A. Webern e Stockhausen, finalizando cunha audición do máximo animador do movemento musical portugués contemporáneo, Jorge Peixinho.

22-12-78 Recital do cantautor Luís Pastor. A súa interpretación viuse reflexada polo mantimento dunhas constantes musicais a expensas dos seus textos, arroupado pola participación dun público que se identifica coa parte literal, máis que coa interpretación vocal ou o empaste musical. Actualmente está sacando á luz unha serie de textos pródicos e outros de poetas da xeración do 27.

17-2-79 Recital de Claudina e Alberto Gambino, representantes dunha canción trasumante, lonxe do seu Chile constantemente recordado a través de textos de Daniel Viglietti, Pablo Neruda e outros.

A sua interpretación respondeu a dous elementos formativos, música e letra, ofrecendo un todo coherente, que na voz de Claudina conseguiron darlle sabor e colorido, non procurando apoio valorativo na beleza do verso.

20-2-79 Concerto da «Orquestra da Coruña» (filial do Conservatorio).

Seguindo a nosa tradición anual, presentouse a citada orquestra no inigualábel marco da Concatedral de San Xulián, con obras de Bach, Mozart e Groba.

O noso interés en apresentar esta orquestra motivouno o feito de estar aportando e enriquecendo o noso espectro musical, tanto desde unha difusión da chamada «música culta», como desde unha investigación da nosa diferenciación étnica, que implica a conxugación do noso espírito e dos nosos ritmos, que son testemuño do noso secular sacrificio no resignado en que viveu Galiza.

Deste estudo popular e anímico sérvese dunha maneira crítica onde expresa un sentimento e unha actitude nacionalista.

# LIBRERIA HELIOS

FILOSOFIA - ENSAYOS - HISTORIA  
LITERATURA GENERAL  
LIBROS INFANTILES

General Franco. 55

Teléfono 35 43 75

EL FERROL

## Vocalía de Teatro



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Ateneo Ferrolán

A vocalía de teatro presentase ante vós cun traballo breve polas especiais características que rodean o teatro en Galiza e a situación dos grupos teatrais ante a falta dun «teatro estábel» que posibilite temporadas e programacións concretas, dentro dun rigor nas montaxes e na organización.

No camiño de profesionalización que levan algúns grupos galegos, coa posíbel creación da «cooperativa teatral», entendemos que apuntan cara un ben cultural e de servizo público, que nada terá que ver coa explotación mercantil dun produto como meio principal de obter beneficios económicos. Para que isto sexa unha realidade e as diferentes entidades culturais teñan opción a mostrar nos seus escenarios este novo teatro de «espírito autonómico», cremos é indispensable a subvención por parte dos diferentes organismos, como a Dirección General de Teatro ou outros, a esta nova concepción do facer teatral.

Sirva esta introdución para presentar as obras e os grupos teatrais que actuaron no presente curso, dos que dous pertencen á antedita cooperativa.

### Programación

11-11-78 Representación polo grupo «Antroido» de **Laudamuco, señor de ningures**, de Roberto Vidal Bolaño. A obra quere ser un intento de análise das estruturas do poder nun país e nunha época, aínda que como di Monleón «tiene inevitables asociaciones temáticas con **El rey se muere** de Ionesco».

Neste senso, o texto da obra analiza as características das relacións do poder con connotacións místico-relixioso-morais (fidelidade, servilismo,...), fan posíbel a existencia dunha simbiose da dignidade humana, cruel e grotesca, resaltando as súas características máis esenciais, para así facelas máis recoñecibles.

17-12-78 Representación de teatro infantil a cargo do grupo castelán «Jincacha» coa obra **Juguemos al teatro**.

Unha representación divertida, didáctica en varios momentos e a participación infantil como elemento esencial na creación do espectáculo.

As diversas historias son contadas a través de 3 personaxes que xogan e fan participar e cun acompañamento musical de flauta e de guitarra.

Abordar o teatro infantil é tarefa difícil pola falta dunha escola e unhas formas que situen o espectáculo teatral infantil á altura desta mentalidade pola súa creatividade, espontaneidade,...

27-1-79 Representación de **O velório**, de F. Taxes, a cargo do grupo teatral «Troula» con acompañamento do grupo musical «Agra».

## II Concurso de Narracións Cortas

O «Ateneo Ferrolán» convoca o segundo concurso de narracións curtas de acordo coas seguintes BASES:

- 1.— Poderán participar cantas persoas o desexen.
- 2.— Cada concursante poderá presentar cantos orixinais estime conveniente.
- 3.— Os temas serán libres.
- 4.— As narracións serán inéditas e redactadas en lingua galega.
- 5.— A extensión dos traballos deberá ter un mínimo de 4 fólíos e un máximo de 20, mecanografiados a dobre espácio.
- 6.— Os orixinais mandaránse por quintuplicado, firmados con pseudónimo e acompañados dunha plica na que figurarán o nome e a dirección do autor.
- 7.— As obras serán remitidas ao domicilio social do «Ateneo Ferrolán» (Rúa do Sol, 81 - 1.º Ferrol) antes do día 23 de abril de 1979.
- 8.— Estabelécese un único premio de 50.000 pesetas, que poderá ser declarado deserto se for estimado conveniente polo xurado.
- 9.— O «Ateneo Ferrolán» non manterá correspondencia cos participantes nen se compromete á devolución dos orixinais presentados.
- 10.— O «Ateneo Ferrolán» terá opción preferente para a publicación dos traballos premiados dentro dun prazo non superior a un ano contado a partir da data do fallo do xurado, sendo a propiedade intelectual da obra do seu autor, adaptándose as normas do INLE no caso de establecer contrato por ambas as partes.
- 11.— O fallo do xurado será dado a coñecer o 16 de maio próximo, víspera do «Día das Letras Galegas».
- 12.— A participación neste concurso presupón á aceptación das presentes bases.

Ferrol, marzo de 1979

A Xunta Directiva do «Ateneo Ferrolán»

## I Concurso de Ensaio

A Xunta Directiva do «Ateneo Ferrolán» ante a escasez de traballos científicos sobre Ferrol e a súa comarca que profundicen no coñecemento da súa realidade pasada e presente e que podan servir de alternativas para a súa posíbel transformación futura, estima conveniente a instauración dun concurso de ensaios de acordo coas seguintes BASES:

- 1.— Poderán participar cantas persoas o desexen.
- 2.— Cada concursante poderá concorrer con cantos traballos estime conveniente.
- 3.— Os temas deberán necesariamente tratar calquer tema relacionado coa comarca ferrolana (xeografía, historia, etnografía, demografía, urbanismo, sanidade, literatura, economía, industria...).
- 4.— Os traballos, redactados obrigatoriamente en galego, deberán ser publicados con pseudónimo na prensa de Galiza entre o 15 de abril e o 5 de agosto do presente ano ambos inclusive, en unha ou en varias entregas. Con este fin o «Ateneo Ferrolán» solicitará a colaboración de todos os diarios e semanarios do país.
- 5.— Asimesmo os concursantes remitirán ao «Ateneo Ferrolán» (Rúa do Sol, 81-1.º Ferrol), antes da segunda data reseñada, os seus traballos por quintuplicado e acompañados dunha plica na que figuren nome e dirección do autor.
- 6.— Estabelécese un premio único de 50.000 pesetas, podendo ser declarado deserto.
- 7.— O fallo do xurado darase a coñecer o día 4 de setembro data da presentación á raíña Isabel II da Historia de Ferrol de Montero Aróstegui.
- 8.— O «Ateneo Ferrolán» non manterá correspondencia cos participantes nen se compromete á devolución dos exemplares presentados.
- 9.— O «Ateneo Ferrolán» tentará de publicar nun volume aqueles traballos que o xuízo do xurado estime oportuno, adoptándose as normas do INLE, no caso de establecer contrato cos autores.
- 10.— A participación neste concurso presupón á aceptación das presentes bases.

Ferrol, marzo de 1979

A Xunta Directiva do «Ateneo Ferrolán»



Ateneo Ferrolán  
Un lugar de encontro e cultura  
Fundado en 1879  
www.ateneoferrolan.com



LUIS  
SEOANE

## Lembranza



Ateneo Ferrolán  
Un lugar de encontro para a cultura

Na noite do 5 de abril morría na Coruña Luis Seoane. Seoane nacera en 1910, en Buenos Aires, na emigración. Cursou o bacharelato na Coruña e Dereito en Santiago, exercendo a profesión na Coruña até que en 1937 a consecuencia da guerra civil volta á capital arxentina, onde pasará a maior parte da súa vida.

Alá vai realizar un intenso labor cultural (funda editoriais e revistas, fai programas radiofónicos, pinta obras grandes e pequenas, ilustra libros, escribe ensaios, narracións e poesías,...). Cando volta por vez primeira ao país funda con Isaac Díaz Pardo o laboratorio de Formas de Galicia, o museo «Carlos Maside», edició do Castro e colabora noutras empresas.

Como escritor o máis importante é a súa obra poética. Aparecida toda en América foi, debido ao seu contido, pouco coñecida entre nós até que en 1977 edició do Castro a editou no volume **Obra poética**. Este volume recolle os catro libros de poemas que Seoane escribeu, **Fardel de esilado** (1952), **Na brétema Sant-Iago** (1956), **As cicatrices** (1959) e **A maior abundamento** (1972).

Xunto a Emilio Pita e Lorenzo Varela, tamén recentemente falecido, inaugura a poesía social, a poesía política na literatura galega, se ben, e debido ás dificultades de difusión, son outros os autores que gozaron de sona dentro deste aspecto da nosa literatura. Seoane entende a poesía como arma, como denuncia: «Un poema foi sempre un testemuño do home e da súa época», dinos na súa «Poética» (Vid. Fernández del Riego, **Escolma de poesía galega: IV Os contemporáneos**, Galaxia 1955) ou «Un poema non pode ser sóio un prisma de coores, un xeito de axuntar verbas fermosas e producir sonidos; é un berro dun home, o esgazamento que producen no seu esprito os feitos do pasado trocados en eternidade, en mito».

O tema central de toda a súa obra é a emigración. Neste sentido **Fardel de esilado** é o libro da emigración a América, a emigración que el padeceu primeiro na infancia e posteriormente no exilio e «**A maior abundamento**» é o libro da emigración de historia máis recente, da emigración a Europa, que coñeceu a durante as viaxes que realizou por algúns países europeos tras a súa primeira estancia en Galiza despois da guerra civil.

Nos outros dous libros, se ben segue presente o tema da emigración aparece outra das constantes da poesía de Seoane, a preocupación polo pasado histórico de Galiza que en moitos momentos mistura coa situación presente, con poesía política, como p. e. o poema «Desterrados», a xulcio de Basilio Losada «un dos mellores poemas, senón o mellor, que encol do tema do esilio téñase escrito en calesquer língoa ibérica».

Seoane como artista, faceta pola que é máis coñecido, iniciouse en Santiago, nos tempos de estudante, ilustrando libros con grabados e debuxos. Non obstante, foi na Arxentina onde, en colaboración con artistas sudamericanos, desenrolou un grande labor como grabador e ilustrador, aportando novidades no aspecto técnico,

estético e artístico que embeleceron as edicións bibliográficas.

Como grabador en madeira estaba considerado como un dos mellores de Sudamérica. En Galiza tamén fixo un interesante e importante labor neste terreo de ilustrador e grabador.

Este amor á ilustración e á grafía veulle, segundo el, do coñecimento dos petroglifos galegos, das inscricións dos sarteos romanos e sobre todo dos miniados do cartulario compostelano do Tumbo «A», así como os do «Diurnal de Fernando I», tamén en Compostela, que ademais da beleza das súas páxinas, ten o «B» inicial máis bonito de cantos se fixeron por calígrafos europeos medievais.

Foron numerosísimos os libros que ilustrou contándose entre eles obras de Dieste, Lorenzo Varela, Unamuno, Kafka, Alberti, Neruda, Gerardo Diego,...

Este labor como grafista e ilustrador abriulle expresións e camiños para a súa obra pitórica, tanto a de cabaleta como a muralista, obra esta inxente e espallada e recoñecida polo mundo adiante.

En palabras de Basilio Losada: «Por qué, pois, non lembrar ao Seoane home, ca súa paixón, ca difícil pacencia, cas iras súbitas cando albisca aínda que só sexa a soma dun aldraxe aos homes que sinte como seus, os homes cos que compartiu o desterro? Home e poesía, e pintura, e alma toda, reflexos concordantes e diversos dun dos homes máis honestos e eficaces xurdidos da terra galega».

Da obra poética de Seoane ofrecemos esta pequena mostra:

Eiquí estamos cos nosos anos, encanecidos,  
desterrados nun mundo sin intimidade nin cortesía,  
cas nosas lembranzas, mais sin remordimentos.  
Non te vemos fai moito, terra desa saudade,  
mais sentimos en nós a presenza da tua lus  
agardando que eses terribels nemigos o tempo e a conciencia  
nos volten ás tuas noites,  
á presenza dos seres ocultos que nos agardan.  
Somos homes arrincados de súpeto das herdadas costumes  
que non teremos mais un verdadeiro fogar  
con un ar familiar, unhas cadeciras vellas e uns poucos libros.  
Abandoamos as nosas casas pra botarnos espídos ao mundo  
traendo connosco soío algunha lénda da patria,  
e cavilando somos mozos e ceibes.  
Mais os anos proban que estamos atados a un soño  
e samente a un cacho de terra que é o noso dominio,  
a unhas sombras sin tempo cujos nomes esquecemos.  
Tivesemos gostado envellecer sereamente  
xunto ao tépedo lume herdado  
estendendo sobor dél as nosas mans folgadas.

\* \* \*

Cando estamos cansos, coma nas lendas  
a terra chámanos. Fai soar a súa voz de pinos,

de paxaros que berran dende o fondo dos boscos.  
Os desterrados temos traballo, teito, pan,  
mais vivimos coma sombras. E mais forte que nós  
a tenza de terra lonxana onde nos criamos,  
e ningún outro amor, nación, fertura ou éisito  
poden apracentar esa saudade.  
Quedóunos á xente sin patria o curazón  
no lugar onde soío ríen os vencedores,  
na terra nosa, á que un día voltaremos:  
a dos mortos, dos pantasma, dos vencidos.  
Voltaremos sobor das pegadas borrentas  
sin obrigas que nos ataxen ou recramen  
a percurar a nenez perdida e os anos  
nos que coñecemos o estragamento, a violencia.  
Nos que fumos aldraxados e repudiados  
por leises e uniformes, e soupemos de abondo axiña  
que nada era fincado e inmorrente.

(Anacos de «Desterrados»)

## O Noso Pobo

«Noso pobo»

Un pobo vivindo na anarquía  
dende fai mil anos.  
Antre embargos,  
vilanfas,  
benzoarios,  
herdanzas,  
repartos.  
Despoxado pol-os señores.  
Abarreirado nas montañas,  
pol-o océano.  
Perdurando pol-o sexo e a intuición  
á porta da Historia  
sin decidirse a entrar nela.  
Chuchado pol-o desespero,  
sin berralo.  
Mixturado ca leña,  
a palla, o gando.  
En loita co vento e as choivas,  
o penedo e a mar.  
Un inmenso corpo, este pobo,  
en parrafeo permanente cas pantasma familiares.  
Calmo.  
Desarraizándose.  
Resistindo as contrariedades,

o falso testemuño,  
a derrota.  
Vendo medrar as suas fatalidades.  
Os coutamentos.  
As cautividades.  
Un pobo, o noso,  
vivindo en sí mesmo.  
Esmagado cen veces en mil anos  
e dondamente afirmándose  
na propia terra.  
Noutras terras.

\* \* \*

Galicia é o home que marcha  
que emigra  
e se detén nas minas de Bélxica  
ou de Luxemburgo,  
nas cocinas dos restaurantes das cidades,  
dos hoteles,  
nos sótanos onde traballan os peós  
descubriendo mundos de fantasía sorprendentes,  
os que soñan  
nos obradoiros,  
nos sótanos  
nas cocinas,  
—desto non escriben os corresponsales,  
nin se filman en NO-DO ou TV—  
namentras os benfadados do norte aspiran,  
a máquinas interplanetarias,  
terreos na lúa  
e á explotación sistemática dos seus mineraes, centífica, craro está,  
e en analizare os sacrificios rituáes  
e o culto ó lume  
no planeta Marte.


(Anaco de «O home que marcha»)

*Se agradece la visita a la sección  
de música clásica en Real, 139*

A C E V E D O



Ateneo Ferrolán  
Un lugar de encontro para a cultura  
Fundado en 1879  
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol  
[www.ateneoferrolan.org](http://www.ateneoferrolan.org)



LEÓN FELIPE (1884-1968)

Grabado

## Homenaxe

O «Ateneo Ferrolán» rendiu un homenaxe ao poeta León Felipe no seu décimo cabodano, cunha conferencia sobre a súa figura a cargo de José Ramón Ripoll seguida dun recital poético dos seus textos de Laura P. Landeira.



León Felipe ocupa un lugar exclusivo e único na poesía española contemporánea. Autodefiníase como poeta prometeico, poeta titánico, fillo da terra e do mar, e para el a poesía é lume organizado e a canción un facho acendido, un berro ou un lamento do home.

León Felipe, fiel ás dorosas circunstancias que lle tocou vivir é «o poeta do tempo agónico» por excelencia. Desdeña a retórica para preferir a dialéctica do pranto e do éxodo.

Como mostra da súa poesía recollemos o poema:

## PALOMAS

LAS PALOMAS de la plaza de San Marcos que el municipio de Venecia cebaba para los turistas se han muerto todas de repente...

La paloma de Picaso que yo guardaba como una reliquia en un viejo cartapacio ha desaparecido...

En el Concilio Ecueménico nadie sabe por dónde anda la paloma de la Anunciación...

Y el Vaticano está consternado porque se halla enferma la paloma del Espíritu Santo.

Se dice que en el mundo hay ahora una mortífera epidemia de palomas...

Y el Consejo de la Paz no encuentra por ninguna parte una paloma.

# Cobelo

Molduras - Cuadros - Portafotos  
Grabados - Bellas Artes



Canalejas, 135  
Apartado 56

Teléf. 35 24 71  
EL FERROL

## LA EMPRESA "FRAGA" Y EL "ATENEIO"

Al servicio del  
Arte Cinematográfico

## Recuperar a nosa Historia



Ateneo Ferrolán

En lugar de encontro para a cultura

Desde os comezos mesmos das actividades do Ateneo estaba presente, a través do seu lema «polo rexurdimento da cultura popular», a intención de recuperar as pegadas, arrebatadas, do noso pasado colectivo. Foi así como, entre outros actos, se desenrolou durante dous anos consecutivos un ciclo de «Historia e cultura de Galicia». Ao mesmo tempo, comezábbase a incidir na nosa propia historia local coa edición dun «Caderno do Ateneo» dedicado a «Ferrol en 1847» segundo a aportación de Pascual Madoz, que o mesmo que a seguinte, «Mostra de poetas ferrolanos de expresión galega», realizada por Xosé M.<sup>a</sup> Dobarro, quedou practicamente esgotada.

Mais foi neste curso cando se pudo comenar a incidir directamente na recuperación da nosa historia local, como foi anunciado no «Boletín» n.º 1. A tarefa é longa, laboriosa e colectiva, pero xa se teñen dado os primeiros pasos, sempre os máis incertos, coa celebración de tres tribunas-debate en que especialistas nas súas disciplinas aportaron a súa valiosa investigación, recollida pola prensa, polo numeroso público asistente e en cinta magnetofónica, ademais da documentación aportada con xenerosidade polo fillo do noso músico Gregorio Baudot; material que se conserva na biblioteca do Ateneo.

Inaugurou o ciclo «Recuperar a nosa historia», no coléxio de Lestonac de Caranza, Alfredo Vigo Trasancos, autor da tese de Licenciatura «Ferrol en los reinados de Fernando VI y Carlos III: urbanismo y arquitectura», tema sobre o que continua traballando para convertilo en tese doutoral. A conferencia levaba por título «El Ferrol en el s. XVIII: el barrio de la Magdalena». Tanto o tema como as diapositivas que o ilustraron eran algo inédito; nunca fora tratado científicamente e de forma tan exhaustiva o tema da orixe e o desenrolo —cos seus distintos proxectos— do histórico barrio da Magdalena, exemplo extraordinario, dentro do urbanismo mundial, da mentalidade racionalista borbónica e que hoxe debe ser conservado como parte importante do noso patrimonio.

A segunda conferencia abría a tribuna do Ateneo ao capitán de Intendencia da Armada J. A. Rodríguez-Villasante Prieto, outro especialista de urbanismo ferrolano, autor de «La ruta marítima en las peregrinaciones jacobeanas» y de «San Campio, Patrón de levas o pequena historia en el Arsenal de Ferrol». Baixo o título de «El Ferrol: arquitectura civil, militar y naval», tratou principalmente o proxecto militar dos arsenais, a arquitectura dos buques como anticipo da galería —que segundo o conferenciante ten o seu nacemento precisamente en Ferrol— e a tipoloxía urbanística da cidade. Rigurosa aportación apoiada con diapositivas.

A terceira conferencia celebrouse, o mesmo que a anterior, na Aula de Cultura da Caixa de Aforros. Nesta ocasión tratábase de dar a coñecer ao público a obra de «Gregorio Baudot: un marino al servicio de Galicia y su música», a través da exposición do seu ex-alumno Rogelio de Leonardo Bouza, compositor e director da «Escola de Danza y Música de Galicia», quen rindeu un homenaxe público,



coa presenza do fillo deste, á personalidade e á obra do seu mestre, persoa moi recordada pola xente de idade de Ferrol, como puxo en evidencia a concorrência. A conferencia estivo ilustrada cunha exposición das batutas, premios, partituras, recortes de prensa, fotografías..., do excelente músico, conservadas polo seu fillo e que algún día, cando o Museo de Ferrol sexa unha realidade, deberán figurar nun lugar preferente das súas vitrinas.

A tarefa, pois, está principiada e outras conferencias programadas co fin de que non esquecendo o pasado podamos camiñar progresivamente cara ao futuro.



**Q**  
**HOTEL**  
**EL FERROL**

**LIBRERIA  
PAPELERIA**

**Gral. Franco, 11**  
**Telf: 358108**

## Marea Negra



Ateneo Ferrolán

O petróleo: enerxía, riqueza e... contaminación do medio ambiente. Dun tempo, a esta parte, a nosa Galiza ven sofrendo nas súas costas a degradante consecuencia dos vertidos ocasionados polos buques petroleiros; uns máis frecuentes, como os ocasionados polos procesos de lavados dos tanques dos numerosos petroleiros que aquí recalán, os outros ocasionais pero de grande magnitude, debidos á nosa occidentalidade marítima.

Desde o «Policomander», na ría viguesa, até o «Andros Patria», a 30 millas das costas coruñesas, viñeron sucedéndose unha serie de catástrofes marítimas, das que a máis notábel, pola súa polémica orixe e polas súas devastadoras consecuencias, foi a do «Urquiola».

Sabemos que unha media de un millón de toneladas de petróleo pasan diariamente polas proximidades das nosas terras e os accidentes ocorridos confirman a perigosidade latente sobre o noso medio ambiente marítimo-costeiro.

Perante este problema, o «Ateneo ferrolán» quixo introducir dentro dos seus programas ecolóxicos, o tema específico da contaminación dos mares polos hidrocarburos e para isto organizou unha mesa redonda á que foron convidados varios especialistas relacionados con algun aspecto do problema:

—Hermenegildo Franco, inxeñeiro de seguridade na E. N. Bazán, que tivo ao seu cargo a responsabilidade de presentar os demais participantes e de actuar como moderador ao tempo que expuso o seu propio punto de vista desde a óptica da seguridade.

—Baldomero Fernández Calviño, Conselleiro de Pesca da Xunta de Galicia, quen enfocou o tema desde a obrigada responsabilidade política.

—Juan Fernández, inxeñeiro de armamento na E. N. Bazán, que se estendeu en consideracións técnicas relacionadas coa construción naval.

—Juan Etchevers, Presidente da Asociación de Armadores de Pesca da provincia da Coruña, que centrou o tema na necesidade de separar as rutas dos buques petroleiros máis alá das 200 millas.

—Juan Rodríguez Silvar, biólogo e membro da SGHN, aportou datos científicos sobre os males inmediatos e permanentes sufridos pola fauna marina e debidos á acción combinada de hidrocarburos e deterxentes.

—Javier Cristo-Balena, capitán do obo «Sta. Eulalia del Mar», falou exponendo o seu propio punto de vista sobre o accidente e subliñando sobre todo a urxente necesidade dunha vixilancia permanente dentro da faixa costeira frecuentada polo tráfico petroleiro.

As intervencións dos membros da mesa foron seguidas dun colóquio entre eles e o público asistente.

En honor á verdade temos que recoñecer que esta primeira mesa redonda sobre o tema da contaminación mariña, tal vez resultase un pouco desequilibrada en canto ao reparto do tempo nas intervencións de cada expositor. Non obstante, alcanzouse o obxectivo primordial: despertar no público a inquietude cara un problema de grande transcendencia e insuficiente atención por parte da administración.

Do conxunto de opinións manifestadas poderemos precisar que, como en moitos outros temas, a nosa terra, as nosas costas, non están sendo protexidas como deberían selo. Tal vez fose necesario efectuar un estudo sério e metódico sobre os efectos malignos ocasionados na nosa fauna mariña polos vertidos rutinarios somados aos ocasionados polos naufraxios. Os biólogos teñen que dedicar a atención a isto, controlando coa frecuencia necesaria o estado das nosas augas.

Habería que considerar a conveniencia de afastar as rutas do transporte petrolero, cando menos máis alá dos nosos caladeros.

E, sen lugar a vacilacións, parece preciso adecuar os sistemas de combater a polución cun criterio máis racional e non dedicarse a verter indiscriminadamente deterxentes homologados cun dubidoso criterio.

Parceria, asimesmo conveniente o establecemento dun organismo autónomo que tivese facultades para actuar con independencia e celeridade en cada caso, coordinando as responsabilidades e accións a tomar por todos os implicados neste problema. E non esquezamos a utilidade que proporciona a experiencia allea.

Temos que acometer todo o necesario menos facer o papel do avestruz enterrando a cabeza na area, sobre todo cando entre a area nos imos encontrar cun perigoso bolo de alquitrán.

## A Lagoa de Valdoviño

Nunha concepción rudimentaria da cuestión poderíase pensar que o ámbito de actividades dun ateneo debería ser aquel que, cunhas fronteiras máis ou menos definidas, abranxese as manifestacións do que tradicionalmente se ten entendido por cultura. É dicir, manter certo ritmo de acción nos eidos do literario, o plástico, o musical, etc.

Agora ben, este concepto, quizabes un tanto estreito para os tempos que corren, está realmente en fase de ampliación. Ninguén dubida hoxe que asuntos como a integración do home na natureza, o equilibrio ecolóxico, etc. forman parte da cultura do noso tempo.

Neste sentido, a Directiva do «Ateneo» reivindicando esta parcela da cultura da que falabamos organizou este curso dúas mesas redondas sobor de temas de ecoloxía.

Unha delas —da que imos falar—, aparte da súa validez ao poñer a debate problemas de dimensión xeral como os existentes á hora de facer executivas decisións da Administración e como repercute isto no medio ambiente, supuxo un importante acontecemento, pois tratou un tema que naqueles días estivo nos xornais: a extracción de xabre da praia de Valdoviño.

A mesa foi presentada polo membro da directiva Martínez Barcón, bon coñecedor da zona, e nela participaron: Xoan R. Silvar, biólogo e secretario da Sociedade Galega de Historia Natural, que abordou de principio os perxucios que unha variación de calquera tipo podían ocasionar na flora ou na fauna da lagoa. Genaro Dalda, biólogo de ICONA, que expuso a situación legal pola que o lago de Valdoviño estaba protexido ao ser calificado como «zona húmeda» nos acordos de Ramsar, aparte de estar a extracción de area prohibida nalgunhas zonas baixo outros conceptos. O alcalde de Valdoviño Sr. Morales Crespo aduciu aspectos administrativos da cuestión e a falla de executividade da administración municipal. Toda a mesa foi coordinada polo Sr. Quiroga, experto en temas pesqueiros e técnico da FAO.

Durante o desenrolo das intervencións e posterior colóquio suscitaronse multitude de matices nos que, en boa lóxica, os tonos eran máis ben oscuros para o futuro do lago.

Todas as opinións dos conferenciantes coincidiron en afirmar en que a extracción da área era un atentado ecolóxico consciente (até 100 camiões ao día) que produciu á área un mal non recuperábel en centos de anos. Ao retiraren os areeiros a duna fixa que separaba e protexía o lago do mar, éste pode penetrar até o interior daquel, á área, empuxada polo vento e sen vexetación que a afirme, anégao e cobre o limo do fondo do mesmo, impedindo a crianza de vermes e por tanto de aves limícolas, etc., etc.

Non nos extendemos máis porque non poderíamos suplir aquí unha conferencia, só dicir que somente hai un mes que deixaron de quitar xabre.

# A Educación ambiental na Galicia

Juan Rodríguez Silvar, Biólogo,  
Secretario da Sociedade Galega  
de Historia Natural (SGHN)

1879

www.ateneoerodia.org

O mundo actual está a sofrer un grande reto. A sociedade industrial, baseada no emprego de enerxía e materias primas baratas, a partir de 1973 entrou nunha profunda crise, que pode ser agravada polas consecuencias xeo-políticas da revolución iraní.

As solucións non semellan ser nada doadas. Do rumbo que escollamos dependerá o modo de vida futuro da humanidade. Mais, ¿coñecemos ben as alternativas que se nos presentan —consumismo versus austeridade, enerxía nuclear versus enerxías alternativas, aproveitamento equilibrado dos recursos versus explotación irracional? A resposta é, sen dúbida, non.

As decisións tomaráns —ou refrendaráns ou sufreráns— os homes que hoxe están na escola, no instituto.

E, ¿qué xeito de información reciben estes rapaces que lles permita ter un xuízo claro e documentado sobre o destino que eles queren para a súa vila, comarca, país, etc.? Temémosos que, nen boa nen má, nengunha.

Normalmente son os mestres ou licenciados que imparten as asignaturas de ciencias naturais, historia ou xeografía, os que, se están «concienciados» e dispoñen de información, introducen dentro das clases algun aspecto das ciencias ambientais, ben de tipo teórico (conservación dos ecosistemas, aproveitamento local de materias primas, etc.) ou práctico (coñecemento das plantas, animais, castros, etc., do entorno).

Desgraciadamente, dada a formación eminentemente teoricista que se imparte nas Facultades e Escolas de Maxisterio, os ensinantes encóntran graves problemas para pór en práctica actividades de educación ambiental.

Noutras partes do estado español lévanse feito e estánse a facer interesantes experiencias dentro da divulgación ambiental, mais en Galicia estas iniciativas, salvo algun caso illado, están por facer.

A SGHN é consciente deste problema e acaba de organizar dúas comisións de didácticas das ciencias, unha dedicada ás ciencias ambientais propiamente ditas (xeoloxía, zooloxía, botánica, ecoloxía) e outra ás ciencias humanísticas (arqueoloxía, antropoloxía, etnoloxía,...).

Estas comisións haberán de se ocupar fundamentalmente de desenrolar os seguintes puntos:

- Contactos cos ensinantes das escolas, institutos e coléxios de Galicia, ademais doutras institucións interesadas no tema (sociedades culturais, ateneos, asociacións de veciños, etc.).

— Intercambio de experiencias xa levadas a cabo. En **Braña**, revista da SGHN de periodicidade semestral, haberá a partir de 1979 unha sección dedicada ao tema.

— Confección de guías asequíbeis aos rapaces e xente que se inicie nesta temática.

— Organización de itinerarios naturais. Estes consistirían en visitas a zonas de interés natural ou histórico de grupos de rapaces acompañados dos seus profesores, previamente entrenados e provistos de guións especialmente axeitados.

— Charlas e cursos dedicados tanto a profesionais do ensino como a responsables de asociacións de veciños, parroquias, A. P. A., etc.

Con esta iniciativa a SGHN non pretende monopolizar a promoción da educación ambiental na Galícia, senón servir de catalizador ou de vía ás inquecundas das persoas e institucións interesadas no tema.

O obxectivo final é levar á escola galega e á vida cotidiana galega o convencimento de que todos nós debemos coñecer o noso medio —tanto a escala local como mundial— para así poder estimalo e definir a nosa actitude cara a el.

As persoas interesadas en recibir máis información ou iniciar contactos pódense dirixir a:

**Juan Rodríguez Silvar**  
Méndez Núñez, 17 - 1.º  
Tif. 35 45 09  
**FERROL**

**Sociedade Galega Historia  
Natural (SGHN)**  
Apartado 330  
**SANTIAGO**

# Manuel Antonio, figura elexida pola Real Academia Galega para conmemorar o «Día das Letras Galegas»



En 1963, con motivo de se cumprir o primeiro centenario da publicación dos **Cantares gallegos** de Rosalía de Castro, a Real Academia Galega acordou celebrar o 17 de maio, data na que autora firma a dedicatoria a Fernán Caballero e que coincide coa do nacemento de Murguía, este acontecemento así como dedicar no futuro este día á cultura galega representada cada ano por un autor diferente.

Desde o ano 1963 o día foi dedicado sucesivamente a Castela (1964), Pondal (1965), Añón (1966), Curros (1967), Cuevillas (1968), Noriega Varela (1969), Valladares (1970), López Abente (1971), Lamas Carvajal (1972), Lago González (1973), Viqueira (1974), Pintos (1975), Cabanillas (1976), A. Villar Ponte (1977) e López Ferreiro (1978).

No presente ano a figura elexida foi o rianxeiro Manuel Antonio Pérez Sánchez, Manuel Antonio como é coñecido no eido cultural, o primeiro dos até agora elexidos que naceu no presente século.

Manuel Antonio é unha figura pouco coñecida a nivel popular e non precisamente por ser unha figura menor das nosas letras.

Naceu na vila mariñeira de Rianxo, berce de homes da importancia de Castela ou Rafael Dieste, en 1900. Debido á súa débil saúde e á enfermidade de seu pai, pasou longas tempadas da súa infancia afastado da vila natal na compañía de familiares de Padrón e Cangas. En Padrón foi onde comezou os seus estudos de bacharelato por libre, pasando a cursar por oficial en Santiago no curso 1915-16. No instituto desta cidade van aparecer as primeiras inquietudes galeguistas e políticas. No curso 1916-17 constituí con dous compañeiros de clase un triunvirato para defender o idioma: «¡Abaixo a vergoña! Na calle, no craustro, na casa, sempre falarei o galego sin medo ó ridículo», escribiulle un dos compañeiros. Fan ademais un xuramento en base ao «noso honore de cabaleiros e pola salvación de Galicia, nosa soila pátreá» que os compromete á defensa dos seus ideais galeguistas.

Politicamente foi inicialmente partidario dos alemáns pero axiña mudou as súas simpatías en favor dos franceses, até o punto de decidir, e pór en práctica, ir loitar na súa compañía pasando a fronteira clandestinamente. En 1918 leva a diante o seu plan e é detido na fronteira e devolto ao país tras unha breve detención. Tamén pasou polo seu maxín a idea de ir a coñecer a nova Rusia revolucionaria así como marchar a Guatemala a loitar cos guerrilleiros sandinistas.

No mesmo ano 1918 aparece inscrito no centro republicano de Santiago

En 1919 coñece a Risco e asiste á «II. Asambleá Nazonalista Galega», celebráda en Santiago, que o vai vincular definitivamente ao nacionalismo. A partir de aquí vai formar parte da «Xuventude Nazonalista Galega» de Santiago, das «Mocedades galeguistas» de Santiago e Vigo, da «Irmandade Nazonalista Galega» de Rianxo, e acudirá á II e III asambleas nacionalistas. Tamén vai colaborar, activamente ou como subscritor, das publicacións nacionalistas.

Ao mesmo tempo que toma parte activa en todas estas empresas, acaba o bacharelato (1920) e Náutica (1923), para embarcarse por primeira vez, en 1926, no pallebote «Constantino Candeira» para facer as horas de navegación a vela. Neste barco fará dúas viaxes (das que serán froito os poemas de *De catro a catro*). No ano 1928 vai embarcar nun barco holandés, co que fará dúas longas singraduras até América e ao ano seguinte pasará ao pesqueiro arousano con base en Cádiz e que faenaba nas costas de África. Neste tempo reséntese a súa saúde, desembarca, volta á casa e morre en xaneiro do ano 1930.

En vida só publicou un libro de poemas *De catro a catro*, o manifesto *¡Máis alá!* e algun poema ou artigo nos xornais e revistas da época. Deixou manuscritos catro libros de poemas *Con anacos do meu interior*, *Foulas*, *Sempre e máis dispois*, *Viladomar*, así como tres dúcias de poemas soltos, prosas, traducións, etc. O conxunto destes materiais foille donado pola nai do poeta a García Sabell, quen ten publicado a obra poética e anunciado a publicación do resto dos manuscritos.

En 1922 publica xunto ao pintor Alvaro Cebreiro, o manifesto *¡Máis alá!*, unha «chamada á Mocidade intelectual da nosa Terra».

Nas súas páxinas atremete contra os vellos que «non son os que escribiron fai moitos anos aqueles son os devanceiros. Os vellos son os que escriben hoxe como si vivisen no antonte dos séculos», que «aínda teñen o pretendimento, que en parte conseguen, de pasar por persoeiros da nosa cultura; coa ameaza de contaxiar o pobo coa súa sencibilidade atrofiada «si a xeneración galega que hoxe medra ó acougo das Irmandades Nazonalistas, chega a tomar por mestres de sensibilidade ós nosos «prestixios literarios».

Tampouco escapan da súa crítica os devanceiros, «o noxento ruralismo» de Losada, «a baldeirez verbalista, importación madrileña» de Curros, así como Rosalía e Pondal (se ben en menor grado), concluíndo que «O herdo dos devanceiros redúcese pois a un exemplo de voutade e patriotismo, ispido de toda eficacia literaria como non sexa pola reación que produce o desagrado».

No apartado titulado «Pollitos bien» fan dos que escriben en castelán, sobre todo Valle-Inclán «o maestro da Xuventude imbécil de Galicia», o branco dos seus ataques, extensivos, asimesmo, aos que practican o bilingüismo «Algún dises escribidores híbridos, bilingües queremos dicir, que fai da literatura algo así como un deporte que favorece a dixestión, arrecada o galego cada vez que quer dicir unha estupidez moi grande, reservando o castelán pra cando coidan («eles») que están en razón. A maisimidade de devoción que temos pola nosa Fala, pódelles dar a medida do desprezo que sentimos por eles».

Hai como vemos unha séria defensa da nosa língua que se repite ao longo do manifesto «a nosa fala é nosa. Pospola a outra calquera, é unha forma do suicidio».

No «Prólogo dun libro de poemas que ninguén escribeu» encontramos a súa autopoética (como tal recolleo Fernández del Riego na *Escolma de poesía galega: IV Os contemporáneos*, Galaxia, Vigo, 1955). Nel volve a repetirse a defensa do idioma «Nin quer triunfar (na conxugación madrileña do verbo) nin claudicar nun idioma máis doado e mercadeiro, pero alleo», o mesmo que a necesidade de superación do presente a través dun cambio radical da nosa literatura.

Manifesta que «a difrenza dos poetas da súa terra, tan homildosos devotos da Santa, do Bardo e do Rebelde, non por asomellarse a ninguén, e moito menos ó consabido trío, fixo da súa independenza un sagro fanatismo», e ademais «Botouse o traballo de facer un molde propio pra o seu lirismo, sin reparar no celeiro de moldes feitos que nos deixaron os inesquencentes Precursores».

Declára tamén, neste finxido prólogo, que «ten o seu arte resoancias futuristas, creacionistas, dadaistas e non sei que máis, todas elas anárquicamente escolmadas e autocríticamente peniradas».

Carballo Calero subliña que isto non pode ser tomado literalmente pois o futurismo caracterízase «por tomar como motivos poéticos os ouxetos e as formas da civilización contemporánea» e en Manuel Antonio «non hai ningunha teima pola temática de actualidade ou de porvir» e o dadaísmo, ao que hai que considerar máis como «un movemento antipoético» contrasta con quen «toma moi en serio o labor de construír un orbe poético novo».

Polo que se refere ao creacionismo si influíu fortemente nel, pero tampouco a súa poesía encaixa nas formulacións de Huidobro senón que é moi persoal, o seu creacionismo é un creacionismo galego moi de acordo cos seus sentimentos galeguistas, como ten apuntado K. March.

Dos seus poemas di que «o ritmo dos seus versos non se pode levar cos pés no piso, nin cos cotelos sobre da táboa; i eu quixera facelos decote de tal xeito que non puderan ser decramados nin adeprendidos de memoria» indicando que «teñen entroques unha antiburguesa incomodidade».

Cremos que estas liñas poden ser suficientes para achegámonos lixeiramente á figura de Manuel Antonio, un poeta que rompeu, e incitou os demais a facelo, cos moldes tradicionais da literatura galega movido polo seu nacionalismo, un nacionalismo culturalista, que era a forma en que se entendía o nacionalismo no seu tempo que aínda hoxe continua a ser así entendido por algúns. Como mostra evidente disto pode servir este anaco de *¡Máis alá!*: «Tida en conta a importancia primordial que o Arte ten nos rexurdimentos raciaes (miudean os movementos nazonalistas que comenzan polo arredismo artístico) chegaremos a coidar si non fracasado polo menos de remouta eficacia o actual movemento rexurdente na Galicia si non se consegue un troque radical no aspecto da nosa Literatura».

No próximo boletín incluiremos unha pequena mostra da súa obra, así como unha indicación bibliográfica.

X. M. Dobarro

## PENSANDO NA LIBERTAD

Mentras latexando atopo  
o teu refuxado nome,  
antre corazós e peitos,  
antre voces e sospiros,  
penso que aínda estáo vivindo,  
penso que aínda teño forzas  
pra facer que neste mundo  
poda escoitar algún día  
o teu nome Libertá  
saindo das nosas gorkas.  
Porque no mouro da noite  
cando encéndese as estrelas,  
brilará sempre un martelo,  
moveréi roxas bandeiras,  
até que vexa o teu nome  
nas reixas das prisiós,  
nas paredes das eirexas,  
no mollado paredón.

## BUSCAME

Búscame hasta la noche  
entre el abrigo del viento,  
bajo las ramas de un roble  
incansablemente viejo.  
Búscame sobre los montes,  
sobre la lluvia o el fuego,  
entre las olas y el aire,  
entre la tierra y el cielo.  
Búscame en tristes pupilas,  
en verdades y misterios,  
entre caminos de barro  
y polvorientos desiertos.  
Búscame con la mirada  
de ese amigo que es eterno,  
entre las alas de un ave:  
Libertad que tanto quiero.

Miguel Romero

# Montero Aróstegui e a Historia de Ferrol



A elección pola xunta directiva da data do 4 de setembro para o fallo do concurso de ensaios sobre temas relacionados con Ferrol e a súa comarca non é gratuíta. Obedece a que nese día do ano 1858 José Montero Aróstegui ofrecía a dedicatória da súa obra á raíña Isabel II, cando visitaba o departamento naval, e así sob a protección da coroa e do corpo municipal saía á luz a *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval de Ferrol* (Madrid 1859). A importancia desta obra estriba, como din as mesmas palabras do seu autor, en que «El Ferrol, aunque con varias noticias esparcidas en algunas obras, que expresan con poca extensión parte de sus antigüedades y sucesos, carece de una historia minuciosa, ordenada y completa (...)»; e o seu mérito en que «para escribirla tuve que reunir, rectificar y perfeccionar numerosos datos, dispersos en los archivos y en diferentes obras». Aínda que hoxe día a súa densa obra de setecentas e dezoito páxinas debe ser lida á luz de novas aportacións históricas e metodolóxicas, a súa contribución é todavía imprescindible á hora de coñecer moitos datos sobre o pasado da nosa cidade.

Seguramente moitos ferrolanos coñecerán o autor pola segunda edición da súa obra, impresa en Pontevedra en 1972. Pero sobre este aspecto é necesario facer algunhas observacións en honor da persoa e a obra do autor, pois desaparece o título da primeira edición, xa mencionada, para ser substituído polo de *Historia del Ferrol del Caudillo*, nome que tomou a cidade en setembro de 1938, evidentemente moito despois da morte de Aróstegui. O realmente importante é que non se advirte ao lector e comprador que esta segunda edición da obra está mutilada, o que fere o dereito intelectual de todo creador e o respecto que o público merece. Na comprobación de ambas as edicións encontramos que, mentres que os catro primeiros capítulos están completos, a partir do quinto aparecen numerosas lacunas, como p. e.: dentro do capítulo mencionado un cuadro da sección 3.ª, correspondente ás páxinas 549-50 da primeira edición, titulado «Toda la gente alistada en las matrículas del mar, forma un cuerpo militar, bajo la siguiente división»; seccións 5.ª e 6.ª que abarcan as páxinas 551-53; un cuadro da páxina 559, correspondente á sección 8.ª e titulado: «Estado de la pesca hecha en las costas del departamento del Ferrol, desde el 1.º de junio de 1856 hasta igual mes de 1857»; a páxina 564, cunha «Estadística criminal del tribunal de marina del Departamento del Ferrol, con expresión de los juzgados de que proceden las causas»; a sección 15.ª das páxinas 612-13. No capítulo 7.º: o cuadro da páxina 622, correspondente á sección 1.ª e que trata da extensión, términos e confins do partido xudicial de Ferrol en 1813; a sección 3.ª, da páxina 627.

Dentro dos apéndices, no apartado de Diputados a Cortes: non se completa a información sobre J. Alonso López nen se menciona a J. María Suances, ambos os dous na páxina 666. Todo o apartado de «Noticias generales de la marina española», páxinas 668-95, non se incluí, o mesmo que o índice final. Non aparecen as páxinas 706-18, coa numerosa lista de suscritores ao libro e o número de

exemplares adquiridos, desde a raíña e a súa familia até os encargados da obra desde Madrid, toda Galiza, o mesmo Ferrol (onde o concello auxiliou a publicación da obra con 2.000 reais) e doutras cidades de España e inclusive Cuba e Filipinas. Por último, na segunda edición tampouco se inclúen algúns planos da primeira: o da antiga vila feudal de Ferrol a meados do s. XVIII, o da vila e arsenais e o da ría e o seu porto.

Desde estas páxinas do «Boletín do Ateneo» quixéramos agradecer todos os esforzos editoriais por recobrar moitas obras que nos falan do noso pasado colectivo e que estarían condenadas a perecer no olvido, mais é deber de todos velar polo rigor e a seriedade, que as notas anteriores tratan de pór de manifesto.

Ademais da obra mencionada, algúns outros datos poden completar o coñecemento do ferrolano Montero e Aróstegui. Naceu o 5 de marzo de 1817. Foi Intendente do Corpo Administrativo da Armada, comendador da Orde de Carlos III e cruz de segunda clase do Mérito Naval con distintivo branco. Por disposición do Concello en 1848, colaborou como oficial maior da súa secretaria, no arranxo do arquivo municipal, fundado en 1616 e hoxe en pésimo estado a pesar da súa indubidábel importancia. Con anterioridade tiña traballado no mesmo arquivo para contribuir na elaboración do Dicionario Geográfico-estadístico-histórico de España, de Pascual Madoz (do que o Ateneo editou a parte correspondente a «Ferrol en 1847»). Escrebeu en varios números da «La Ilustración Gallega y Asturiana» sobre os «Ríos de Galicia». Pola súa principal obra, obxecto deste comentáριο, obtivo o nomeamento de correspondente da «Real Academia de la Historia». Publicou tamén Deberes y facultades de todos los funcionarios de la Administración de Marina, declarada de texto polo Goberno nas Académias do ramo. Deixou manuscritas: «Armas de Galicia», «Origen, fundación y vida de todos los Cuerpos e Institutos de la Marina Española», y «Cuadernos de Historia Universal». Faleceu o 10 de agosto de 1882. Esperemos que o premio de ensaio instituído polo Ateneo contribúa a seguir os pasos iniciados polo autor da historia ferrolana.

*Guillermo Florca Freire*

## ESCRIBIENDO EN LA NOCHE

Sin desfallecer acopio el clamor de la noche.

Vacía y muda.

Identifico la muerte posible, tras las sombras.

Con el vientre roto.

Con la boca rota.

Con los hundidos ojos bajo la tierra.



## QUE NO SEA LA VOZ DEL ODIO

Que la voz de los que sufren,  
nos haga olvidar el estéril rencor  
y el miedo a la libertad posible.

Que caiga en esta hora sobre el árido solar de España,  
la lluvia piadosa,  
la clara luz del perdón colectivo.

Que nuestras hermanadas manos construyan la casa de todos,  
antes de que llegue la noche.

Porque del espanto de la noche no se librará ninguno.

## AÑOS SESENTA: DE COMPRAS POR EL RASTRO

Pensábamos entonces,  
que nada le era imposible al voluntarismo más extremo.  
Se nos descolgaron después enloquecidas emociones:

Vamos a derribarlo todo!

Rebeldes los cuellos,

furiosas las plumas,

erguidos los sexos,

las manos desnudas...

etc. (sigue en tono épico).

Realmente fue una época cautivadora.

Caballero, un Piuma Dorado?

Gracias joven, pero yo, hace tiempo que estoy impetimentillizado.

*Joan Emengot*

## EL CANTO DEL OBRERO

Gorki cantó al vagabundo,  
Nikolai Ostrowski al acero.  
A la pobreza el primero.  
A la templanza el segundo.

## NO HUYAS

Grato recuerdo.  
Dulce mañana,  
en que todavía terso reposaba,  
esperanzado en tí.

## QUIEN LO DESEE

Quien sólo quiera odiar,  
que tenga presente  
que solo el odio se extiende  
como una brutal raiz, en la tierra que lo aloja.

*Celta 79*

## Cuadernos de Amaro Orzán

# Galeguerías Idiomáticas

  
Ateneo Ferrolán  
Un lugar de encontro para a cultura  
Fundado en 1879  
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol  
www.ateneoferrolan.org

— ¡Non me fales do idioma galego!

— ¿Pro qué ten, qué pasa con ti, ou qué atopaslle de especial?

— ¡O din todos!

— Fala, home. Concreta, fai favor. ¡Vaguedás, non, eh!

— Pois... que é un idioma que non evoluciona nen evolucionóu...

— Imos por partes. Mira: Moitos idiomas do mundo, principalmente palabras técnicas, «roubáronlle» termos as línguas crásicas: p. e.: «teatro», «comedia», «persoaxe», «teléfono», «televisión», «periódico», «libro»... Logo axeitaron o fonos antergo ao xenio do idioma correspondente...

— Boeno. O que eu fa perguntar: ¿Dime ti, cómo se di, en galego galego, en galego enxebre, «volcán», «cráter», «lava»...

— Da mesma maneira.

— ¿Ves? ¡Ves...!

— Home, craro. Por ques... ¿e qué necesidade temos nós de ter propiamente nosas isas palabras? Dime, ¿temos ou tivemos nos acá, na nosa Terra, algunha vez volcanes? ¡Non! Logo...

— Estasme dando a razón.

— Nisto, sí. A ver, dime: ¿Como chamarías ou dirías ti en francés, alemán ou inglés ou en castelán as vivendas dos esquimales? «Igloo», ou iglú, ¿non? Ten que ser. ¿Houbo algunha vez en Castela ou en Roma, isas casetas ou casetiñas de bloques de xelo ondia cobíxanse os lapones? ¡non! Que nunca fixeron falla palabras pra nomear cousas que, en certas partes do mundo, non hai nin existiron. Por contras: ¿a qué arábigo non teñen unha palabra como «orballo», ou «castro», ou «ria», ou «hórreo»...?

— ¡Contigo, eu non poído falar!

— Pois eu contigo, sí, sempre. Sempre... que queiras e non teñas ofuscaciós e nen moito viño...

*Alvaro Paradela*



## Hacia los Profundos

Hacia los profundos. Aflorar subsuelos.

Agricultores de lo presente,  
del hoy superficial y brillante:

Volvamos la vista atrás, hacia la nuca.

Hacia mohosas cavernas del espíritu.

Hacia las raíces de los siglos.

Antes, antes de que el animal hombre  
hominización alborease.

Entonces sabremos algo de nosotros.

Anhelo saber de mis antepasados.

Como de un río vivo sus fuentes. Y,  
si puedo, las fuentes de las fuentes.

Vayamos, oh poetas, en vez  
de vaticinar futuros nebulosos  
hacia los profundos. Hacia  
las encendidas raíces  
de las raíces tan en subsuelo.

Ahí, es ahí donde están, canta  
el árbol, flores frutos del hombre.

Flores vivas hay en los estratos  
geológicos del no cuerpo del hombre  
escritas en criptograma.

Hacia los profundos. Hacia los profundos  
Avenar subsuelos. Aflorar volcanes  
sesteantes desde siglos grises.

Alvaro Paradelo

## Que sencillo es todo...

¡Qué sencillo es todo

y

cómo complicamos con palabras!

Sencilla es el agua y es la luz y el beso

y

el vuelo del ave

y

el mendrugo que mastica el niño.

Oh la sencillez de todo.

Locos chapoteamos marañas

selvas:

las palabras. Palabras, palabras!

Y

avanzamos mal, nos acechan depredadores

y

torcemos el pie y el alma.

Y

caemos tontos y ensangrentados.

¡Santos quienes viven silenciosos

y

callados laboran, muy callados

de palabras exteriores!

Dios madre es dios por que no emplea palabras.

¡Toda su Obra literaria es sencilla!

Todo es tan sencillo todo.

La vida es sencilla:

la vida de los campos y de los cielos

y

la vida de toda fauna,

¡Todo, pecho, es tan sencillo!

La luz, el agua, el beso,

el suelo, el vuelo, y, el pan.

¡Cómo hombres al hablar retuercen,  
retuercen y retuercen los retorcido,  
el hierro puro de la palabra,  
los yerros oxidados de la palabra!

¡Todo es tan sencillo!  
Tan sencillo como una alborada  
aunque retimbren mudos cascabeles

y  
campanillas también mudas;  
sencillo como la lámpara del mediodía  
Sencillo como el poniente  
aunque nubes regriten sangre.

Sueña, —palabra sencilla—:  
donde no cante y rezume sencillez  
la verdad y pura  
por suponer algo, en Alguna Parte,  
en otras galaxias arborece.

*Alvaro Paradela*

# Los Libros

RELATO SECRETO, por Pierre Drilu la Rochelle. Ed. Alianza Tres.

Ateneo Fer

Pocas veces tiene el lector la posibilidad de acceder a la descripción pormenorizada de la pasión personal y política del hombre, de un intelectual francés enfrentado ya a una muerte próxima.

Nace Drilu la Rochelle en el interior de una familia burguesa en 1893, participa en la Primera Guerra Mundial en la que es herido varias veces. De esta experiencia surge su primera y fulgurante voz en verso: «Interrogación». Su trayecto como escritor se desdobra en una faceta más literaria, novelística, y otra faceta, la de intelectual de acción, ensayista, político y polemista. En su época de colaboración con el nazismo dirige la «Nouvelle Revue Française». En invierno del 44 escribe una pretendida autobiografía: «Memorias de Dirk Raspe». Al mismo tiempo escribe su «Exordio» (explicación), «Relato Secreto» (la intimidad de un hombre que está abocado a su final) y el «Diario» (octubre del 44 a marzo de 1945). Estas tres últimas obras se recogen en el libro que comentamos y no son más que tres lecturas diferentes de una misma biografía instintiva y agónica.

«Relato secreto»: o el hombre frente a su historia. El propio escritor nos da sus claves existenciales, y en primer lugar, como un decorado que todo lo envuelve, su irresistible llamada a la muerte. Todo lo demás son aspectos y manifestaciones de esta vocación central: el desprecio por la vida «normal», tendencias suicidas, elitismo moral e intelectual, el temor a la vejez, el gusto morboso por la soledad. No es un carácter inédito el que se desvela en estas páginas. Recordemos: Montherlant, Céline...

«Diario»: o el condenado a muerte que reflexiona. El escritor ha huído de un París que entrevee la próxima liberación, y refugiado en el campo, reflexiona sobre la religión, sobre la filosofía de la historia en busca quizá de una justificación, en la que tampoco cree demasiado. La presencia agobiante de la muerte da coherencia a su reflexión, y, cuando dos días después de su última anotación el escritor se suicida, tenemos por primera vez la sensación de una claridad posible en el fondo de sus palabras.

«Exordio»: o el intelectual comprometido, que se explica: apasionante discurso político de un hombre que eligió el compromiso y perdió. El hombre que depositó su fe en el socialismo primero, en el comunismo después, para acabar en un fascismo, que nunca hubiera podido realizar aquella revolución igualitaria en la que Drilu Creía. El hombre que nunca creyó en el nacionalismo pequeño burgués de

unos pocos kilómetros cuadrados. El que por su fe en una vertebración de Europa alrededor de una hermandad socialista franco-alemana, se hizo colaboracionista para acabar abominando de Hitler y el militarismo alemán.

La contradicción más atormentada y fatal aflora en estas páginas. Su trayectoria personal y su trayectoria política convergían inevitablemente en el pistoletazo final.

Días antes de su muerte, sus amigos presos ya y juzgados, se reafirma ante unos hipotéticos jueces:

— «Hay que tomar responsabilidades. Admitir la ley política que es aceptar siempre aliados despreciables u odiosos. Hay que ensuciarse los pies, pero no las manos.

— No soy un patriota corriente, un nacionalista cerrado. No sólo soy francés, soy europeo.

— Para mí, el fascismo era el socialismo. La última posibilidad que le quedaba al socialismo reformista. Toda mi esperanza estaba puesta en el socialismo para Francia y para Europa.

— Yo no me declaro culpable. En primer lugar no reconozco vuestra justicia. Vuestros jueces han sido escogidos de una forma que elimina toda idea de justicia.

— Vosotros seríais los traidores si vuestra causa hubiese perdido. Pero he perdido yo, y por tanto reclamo la muerte».

Fue el mismo, sin embargo, su juez más severo. Y su mano, la mano del verdugo.

*Joan Ermengol*

# O Medio Ambiente en Galicia e os seus problemas

por *Domingo Rueda*

  
Ateneo Ferrolán  
Lugar de encontro para a cultura  
Rua Magdalena 206-201, Ferrol  
1879  
www.ateneoferrolan.org

## XXIX. 1. INTRODUCCIÓN

As páxinas que seguen samente pretenden dar ó seu lector información sucinta dos problemas ambientais de Galicia. Como resulta das propias condicións do autor e doadamente se decatará ó lela, trátase dunha simple exposición informativa, baseada en distintos estudos sobre o particular, algúns deles recolleitos na nota bibliográfica que cerra este traballo. Ou sexa, que este ensaio de ningún xeito quere exceder a súa condición divulgadora ou periodística. Isto, como sempre, entraña riscos de pedantería, error e apriorismos, riscos que paga a pena aceptar, se con iso se contribúe a situar debidamente ó home galego fronte ó ambiente que o rodea.

## XXIX. 2. O MARCO LIMITANTE

### XXIX. 2. 1. Superficie comprendida

A Galicia ecolóxica puidera chegar a ter maior amplitude cá determinada polos actuais límites administrativos das súas catro provincias. Nós aterémonos, con todo, a estes. Se o hábitat galego puidera polo Leste extenderse até os ríos Navia e Sil ou polo Sur até o Douro, esta situación ecolóxica non pode levarnos a reivindicacións de tipo histórico-político alleas ó presente traballo. Todos sabemos hoxe onde comenza e acaba Galicia.

Así a rexión —e esta palabra haberá de entenderse coma o hábitat total galego sin connotación política ningunha— constitúese en recinto que, abovedado por unha atmósfera de meteoroloxía atlántico-mediterránea, se completa co cerco marítimo e maila sucesión de montañas e ríos de todos coñecidos.

### XXIX. 2. 2. O marco marítimo

A costa galega, nas súas características tan semellante á bretona, irlandesa e aínda á da Noruega e tan discrepante do resto da ibérica, foi repetidamente descrita pola xeoloxía e a xeografía rexionais. Poida que o noso litoral nórdico, entre o Eo e o cabo Morás, sexa continuación do asturiano, baixo e moi erosionado na súa beira e de rías de corto desenrolo. Pro, a partir daquel cabo, vaise facendo a costa mais alta e escarpada e mais profunda e peculiar a penetración das rías. Por ningunha outra característica se coñece mellor a Galicia que polas súas rías.

Se cadra estas circunstancias xeolóxicas e xeográficas non chegan na súa importancia ás oceanográficas, pouco descritas. Frente ó arco ártico ou golfo da Coruña, a Corrente do Golfo divídese en dúas ponlas principais: unha que continúa a súa marcha polos mares europeos e a outra, que practicando algo así como un xiro de 180°, dirixírase cara ó Sur frente ás Rías Baixas galegas.

Esta ponla deslízase sobre unha corrente de augas mediterráneas que, procedente do Estreito de Xibraltar, percorre dirixíndose ó Norte, as costas lusitanas e galegas, tamén astra pouco mais ou menos o golfo da Coruña. Esta corrente exerce como unha «acción de cuña» sobre a que procede do Norte, obrigando deste xeito a que afloren ás capas superiores augas ricas en nutrientes, que orixinan unha área marítima de produtividade que figura entre as mais altas do mundo. Nas rías o predominio dos ventos do Norte e as masas de auga doce levadas a elas por un sistema hidrográfico nutrido de abundantes chuvias, establecen coas de penetración marítima unha especie de corrente xiratoria que arrasta da profundidade os nutrientes necesarios, ós que xa aludimos e que nun clima de grande influencia mediterránea, propician unha próspera situación planctónica.

Poderá en parte, e só en parte, discutirse esta teoría oceanográfica, ou esa teoría non ficar eiquí debidamente expresada, pro o que non admite discusión ningunha é a forza productiva das augas marítimas galegas. Non se pode dar outra explicación á súa riqueza pesqueira, a pesar do duro trato a que foi e segue a ser sometida. Aseguraremos, pois, que Galicia está cercada por unha oureola marítima típica, un hábitat mariño peculiar con importante influencia no resto do país galego.

### XXIX. 2. 3. O marco terrestre

Descríbémolo someramente e só con ánimo de o refrescarmos na memoria de quen o necesita así. O límite oriental corresponde na súa case totalidade á provincia de Lugo e é o río Eo o que polo Norte inicia a divisoria correspondente. Cesa como tal ó se internar en Galicia e da delimitación con Asturias encárganse a serra de Penas ou Pedras Apañadas e mailo río Navia. Exercen con León estas funcións limitantes os macizos de Ancares, Cebreiro e Caurel ou Courel, punto de contacto entre unha fauna e flora de orixe centroeuropea ou septentrional e as galegas de procedencia atlántico-mediterránea.

Se o Sil na percura do Miño non interpuxese unha solución de continuidade, o valo por Oriente limitante de Galicia proseguiría a Occidente polos macizos ourensáns (Segundeira, Trevinca, Queixa e San Mamede). Por unha parte establecería a separación con Zamora e pola outra enlazaría cos macizos portugueses. Créase deste xeito un sistema orográfico común galaico-lusitano que contribúe á identidade ecolóxica mais arriba aludida.

### XXIX. 2. 4. O clima

Persistindo na imaxe do recinto ou, se se quere, do grande templo natural galego, a bóveda que o cerra e o ambiente que o enche —atmosfera e clima— non resultan nos seus meteoros e nas súas consecuencias que deles se derivan tan uniformes como a miúdo se creu.

Pode falarse dun clima total galego de temperaturas suaves e abundantes chu-

vias distribuídas ó longo do ano. Pro esta suavidade e distribución han someterse a acentuadas variantes, segundo se trate de zonas montañosas ou dos vales do Sil e do Miño socavados nelas, particularmente ó Sur da Provincia de Lugo e Suroeste da de Ourense. Mesmo pró Miño inferior, en especial no val do que Tui pode se-lo centro, chegouse a mencionar un clima subtropical.

Mentres o clima da costa occidental —de Fisterra á Guardia— se caracteriza por invernos de temperatura suave, pro moi chuviosos, de Fisterra a Ribadeo esta suavidade e pluviosidade diminúen. Mais alá dos 1.000 m. de altura, nivel non frecuente en Galicia, domina o clima de montaña do que poden ser exemplos o de Pedrafita do Cebreiro, Cabeza de Manzaneda ou Faro de Chantada. Pro, con todo e a diversidade de capelas climáticas, a atmosfera total do templo preséntase como algo concreto e definido pola dozura das súas temperaturas e mais pola pluviosidade xa aludidas. E diso depende en esencia a trama ecolóxica da vida galega.

### XXIX. 2. 5. Diferencias

Esta construción natural discrepa do resto das españolas polo seu emprazamento, entre os mais extremos de Europa sobre o Atlántico, e por atoparse illada en relación ó resto da Península Ibérica. Pra probala súa diferencia poida que abonde coa cor da paisaxe, vista desde o aire, no seu forte contraste entre os pardos, ocres e marelos da meseta castelá-leonesa, e aínda das montañas que a interrompen, e a variada gama do verde galego. Este verde acredita a existencia dunha vexetación e duns cultivos diferenciados dabondo do resto dos españois.

Puidera este contraste non resultar tan notorio cando se produce con Asturias. Emporiso, ó cruza-lo Eo cara a Galicia —e é aquí onde maior intensidade adquiren as reciprocidades entre unha e outra rexión— cando se advirte na paixase un cambio que co agrario comprende as formas que a poboación adopta pra se instalar sobre a terra e explotala. As aldeas e núcleos urbanos ofrecen diferente aspecto e a arquitectura, sobre todo a rural, peculiaridades das que se deduce que a vida diaria obedece a módulos que nos colocan diante dunha antropoxía típica. Así pois, aínda co país asturiano, de sedimentos raciais e históricos semellantes, puidera Galicia manter diferencias ben determinadas; un mellor entendemento destas quizais poida levarnos no futuro a un maior coñecemento da nosa ecoloxía.

## XXIX. 3. O AMBIENTE E O HOME

### XXIX. 3. 1. Predeterminación

A miúdo hai quen esquece a condición vexetativa do animal e maila función de raíz que exerce naquela o aparato dixestivo. Sabemos hoxe que o futuro do ser vivo —no noso caso, o home— predeterminano a alimentación e mailos cuidados que recibe de neno e aínda no claustro materno. Un pouco mais alá e diremos que a existencia e os seus modos de realizarse dependen do chan que pisamos e mais da hidrografía que o regue ou cerque.

É distinto o tecido vexetal que nos sustenta e que, á súa vez, se sustenta de terreos de natureza sílfcea e con grande acidez, coma os galegos, do que o fai sobre

chan calizo e de baixo pH. Unha poboación mariñeira á beira dun mar rico en nutrientes, como xa dixemos que ocorre nas nosas rías, resolverá os seus problemas de alimentación dun xeito distinto a outra poboación emprazada preto dun mar parco neses nutrientes, como ocorre co Mediterráneo.

Tamén aquí, como en tantas outras cousas, entre a realidade e o coñecemento, media unha chea de presuncións. Como sucede nos demais seres vivos, o ambiente forxa ó home e coloca eses seres uns ó servizo dos outros. Abonda con examinar unha elemental pirámide trófica. É situación de reciprocidade á que o home no seu hábitat percorrerá un equilibrio, se non quere sucumbir mesmo como especie. Todo na anatomía e fisioloxía do ser vivo parece disposto prá loita por manter ese equilibrio. O que non quere dicir que o home —e posiblemente isto o distinga dos demais seres— non emprenda accións contra ese equilibrio ou ambiente.

Pró coñecemento da actualidade de calquera pobo e aportación previa e valiosa sabérmo-las resistencias que ese mesmo pobo atopou naquela loita, como as venceu, que ventaxas tirou, superacións que acadou e influencia que todo iso exerceu nel. A cultura é o fulgurante e permanente resultado desa loita da que o obxectivo final consiste en conserva-la vida nas mellores circunstancias posibles pró benestar das especies implicadas, neste caso, a humana.

Poida que tamén nos futuros estudos de Historia se reserve tanto espacio ás modificacións introducidas polo home nos seus cultivos agrícolas, ás súas relacións cos restantes compoñentes da escala zoolóxica ou, en xeral, ó ambiente como hoxe se concede ós arquivos que gardan as memorias das grandes accións político-diplomáticas ou ós museos que atesouran residuos arqueolóxicos.

E non é que pretendámo-lo predominio das razóns físicas sobre outras pra caracterizar e definir ó home, senón que ha concedérselle-la importancia que tan a miúdo se lles ven negando. O ambiente e mais canto na súa formación, composición e relacións recíprocas co home constribúen a constituílo, ten a mesma maior ou menor importancia —non imos discutir agora a súa cuantía— cá atribuída á política, á linguaxe, á guerra ou ó traballo.

### XXIX. 3. 2. O pasado

Como ocorre noutros lugares da Terra, ninguén sabe cando chegou a Galicia a súa primeira poboación humana. Pode, en cambio, darse por seguro que a recibiron fragas de frondosas, campos, ríos e mares xa habitados por animais no ecosistema dos cales debía de crea-lo seu propio hábitat o home recién chegado, este eterno emigrante.

Supoñamos que, a fins da derradeira era glacial, tras un proceso evolutivo que descoñecemos e en longa peregrinación desde a Tenzania ou a Kenia de hoxe, o «Homo sapiens sapiens» arribou á que mais adiante se denominaría Galicia. Se se quere, un home coma o de Altamira, do cal quen sabe se temos por eiquí pinturas agachadas nalgunha bóveda competidora.

Nesta terra nosa medraban os carballos, os teixos e mailas faias. Entre eles vagaban os semoventes que o home podía aproveitar, como podía, asimesmo, utiliza-las madeiras que ministraban esas fragas. Por iso os talaba e, se cadra, cando chegou a Galicia xa aprendera a acende-lo lume e queimábaos. Anque tamén os respetaba e consagraba, porque non só o defendían dos azares meteorolóxicos,

senón que cobillaban ós outros seres dos que o home se servía e lle daban as landras necesarias pró alimento duns e doutros. Despois veu na súa axuda o castiñeiro. Aínda está sin coñecer, que saibamos, o papel que na economía alimentaria galega representaron a landra, a castaña, o porco e maila vaca.

Este mesmo home excavou as praias e remontou as ondas. Ahí quedaron os «concheiros», ben coñecidos como legado do mariscador primitivo, e se cadra, as dornas, herdeiras das embarcacións nas que aquel home se confiou a un mar pródigo en vida aproveitabile prá humana subsistencia. E rara vez en Galicia se sabe onde comenza o campesiño e acaba o mariñeiro ou viceversa. As súas respectivas dramáticas dilúense e mistúranse nas súas fronteiras.

Ou sexa que este «Homo erectus», «habilis» ou «sapiens» —calquera deles nos serve pró caso— tanto loitou contra o medio que o rodeaba como se deixou empapar del, resolvendo ámbalas tensións nun equilibrio ó que xa denominamos cultura. A variedade de ambientes dáno-la rica variedade dos homes, entre eles o galego, creador dun hábitat ben determinado. Todos sabemos tamén onde empeza e acaba o home galego.

### XXIX. 3. 3. O home frente á terra

Nin podemos nin debemos deternos aquí a discutírmolo sustentado por algúns ecológos, mais ben ecoloxistas, que consideran o tránsito a cultivador do home recolector de sementes e froitas, e aínda do cazador, entre os mais graves contrastes sufridos pola superficie terrestre, aldraxe inferida á terra nai. Aldraxe ou contratempo que, segundo os mesmos ecoloxistas, repercutiu, fatalmente na especie humana, vítima por iso de moitas taras e degradacións. Supomos, ademais, que nese repetido tránsito ou transformación, o home galego seguiría un proceso semellante ó doutros humanos anteriores e posteriores ó comenzo da historia.

Algúns deles poseerían iniciativa e innovarían o contorno, tal e como se fai hoxe. Os demais seguiríanos e imitaríanos esporeados por distintos estímulos e mais pola necesidade, xa individual, xa colectiva, de resolveren os problemas plantexados nas relacións con ese contorno.

Desde os seus montañosos límites terrestres o territorio galego vai baixando en rampa cara ó mar. Esta baixada non se caracteriza, dende logo, pola súa uniformidade, xa que a interrompen diversos sistemas orográficos e numerosas e distintas concas hidrográficas. Incluso nas beiras da costa a nosa xeoloxía ergueu os valos dunhas serranías que frenan a acción da meteoroloxía atlántica, contribuíndo ás peculiaridades do clima galego.

Esta mesma meteoroloxía nutre copiosamente a rede fluvial que socava e fende aquela rampa. Orixínanse deste xeito numerosos vales con fortes ladeiras, que a erosión xa mencionada e mailo home reducen, establecendo chanzos que enlazan o cume coa profundidade do val. Estes escalóns acentuaranse nos vales do Miño e do Sil, pro o cultivo galego, case todo el, efectúase en socalcos e planos inclinados, o que impón ó cultivador duras servidumes.

O noso labrego ha soportar unha chuvía que pola súa intensidade reduce a fertilidade da terra que cultiva ou a arrasta e que coa sequeidade do vran non proporciona chans de boas condicións edafolóxicas. Esta redución ha suplirse cunha economía vexetal e animal que devolva á terra aquela fertilidade. O que tece unha rede de relacións ecolóxicas, matriz de estrutura física e fisiolóxica que nos carac-

teriza como galegos.

Na historia non é o mesmo enfrentarse e sustentarse cos trigos e leite de ovella da meseta castelá que co millo miúdo, centeo ou leite de vaca das vellas montañas galegas. Non constitúe ningunha ousadía asegurarmos que nestas exploracións alimentarias o futuro atopará, se non o está a atopar xa, un mundo novo.

#### XXIX. 3. 4. O home fronte ó mar

Unha vez que na súa baixada a rampa chegou á beira do mar, aparece un home configurado por outra circunstancia física, o pescador. Aínda que asociado ó labrador por unha suma de relacións entre as súas respectivas redes ecolóxicas —tecido hoxe difícil de analizar nos seus fios— non cabe dúbida tamén de que cada un destes humanos tira o seu alimento de distinto hábitat, establecendo entre un e outro diferenzas antropolóxicas.

O campesiño «domestica» a terra que labra e os animais que lle han servir, cos que acaba vivindo, non só dentro do mesmo ecosistema, senón na comunidade de habitación e de servizos xa aludidos. A hostilidade que lle opoñía o ambiente, e que haberá de vencer, difire da do mariñeiro, que ha enfrentarse coa amplitude do medio líquido e cunha meteoroloxía que unhas veces —as máis— desencadea riscos entre os que ese mariñeiro ha operar. De ahí que este viva máis azorosamente co labrador e que os instrumentos de traballo que aquel emprega —particularmente a embarcación— teñan como fin primario superar aquel medio e máis ese azar. O que imprime no mariñeiro sinais notirios tanto somáticos coma psíquicos. A isto engadimos que, en termos comparativos xerais, puidera a alimentación do mariñeiro ser máis rica en proteínas cá do labrador.

Ademais, o mariñeiro manténse como cazador do ser vivo, do que se aproveitará sin que medie o longo esforzo da crianza, do coidado ou do cultivo. Trátase de algo fuxidizo que hai que apresar valéndose do engano, da violencia ou da extracción. O pescador atópase próximo a aquel estado ó que xa nos referimos (XXIX. 3. 3.), mentres que xa hai dez mil anos que, do seu traballo como tal, o agricultor obtén o sustento. De ahí que nas súas relacións co medio —e nada ten que ver agora nisto a tecnoloxía empregada— resulta máis progresivo o agricultor co pescador.

Non esquezamos canto respecto á crianza de peixes ou de mariscos puideran ter feito os máis diversos pobos, pro á acuicultura, especialmente nunha Galicia a ela tan propicia, aínda lle queda moito camiño que percorrer ata igualalos niveis da agricultura e da gandería. Labregos e mariñeiros falan distinta linguaxe, ó que se ven obrigados polo seu distinto hábitat, se ben o templo ecolóxico rexional, cos caracteres físicos comúns a todo el, acóbillaos baixo a mesma bóveda.

#### XXIX. 4. CAMBIOS E TRANSFORMACIÓNS

##### XXIX. 4. 1. O tapiz vexetal terrestre

En grande parte descoñecemos os cambios polos que, no curso da historia, puido pasa-la meteoroloxía e, polo tanto, a biosfera galega. Na nosa aforística

desenos que a fame sempre veu a Galicia coa auga. Recoñecendo historicamente ó noso país como probe é de supoñer que a esa meteoroloxía caracterizouna sempre a intensa pluviosidade da maioría das nosas bisbarras. Tamén de certos relatos históricos parecen deducirse temperaturas medias máis baixas nos invernos e máis elevadas nos veráns cás actuais.

O coñecemento directo da nosa crónica meteorolóxica ten poucos anos.

Non é, desde logo, privativo de ningunha rexión da Terra que os seus diversos tapices vexetais pasaran por cambios que nos son mal coñecidos. O galego, polo tanto, sufriu como calquera outro, pro coas peculiaridades impostas pola meteoroloxía e a condición dos Chans. E estas peculiaridades danlle á rexión o seu carácter específico.

Xa apuntamos (XXIX. 3. 2.) que a landra, a castaña, o porco e maila vaca tiveron notoria influencia na economía alimentaria galega. A eles podíamos engadilo centeo, o millo miúdo ou paínzo, a berza e mailo año. Non contou o trigo con esa influencia, xa que se cultivou, sobre todo, pró pago de rendas e a cocción de pan nas festividades sinaladas. Calificarémolo así de gran señorial. Participou, con todo, naquela economía a hoxe cáseque perdida riqueza pesqueira dos ríos, abundantes en troita, reo e salmón. Aínda en novembro de 1923 o gran escritor e pescador, Ernest Hemingway, informará: «A verdadeira pesca de troitas atópase en España, Alemaña e Suíza e a mellor de todas elas en Galicia. A alemana e a suíza veñen detrás». O cultivo da vide xogou importante papel na ecoloxía galega. O viño pouco menos que constitúe un dos elementos rituais do noso diario vivir e mesmo nalgues tense por alimento.

Nesta loita permanente na que o home tantas veces trata de pór ó seu servizo a natureza, loita na que tamén resulta moldeado por esa mesma natureza (XXIX. 3. 1.), hanse ter en conta as circunstancias sociais que interveñen. Pode afirmarse que no século XII os monxes, os cabidos e os señores —os primeiros máis cós segundos e terceiros— fixéranse donos da terra galega cultivable.

As formas legais adoptadas prá explotación destas terras (o foro e mailo subforo) darán á estrutura agraria de Galicia unha das súas notas específicas, que aínda conserva e que posiblemente modificaron a súa ecoloxía. Mesmo a humana debeu de se impoñer unhas normas de ocupación da terra, habitación e agrupamento social peculiares e de acordo coa presión de que era obxecto por parte dos donos das terras. A escasez desta, o foro e os crecementos da poboación reducían moitas veces ó labrador a estreita pobreza e a fatais períodos de fame e de peste, nos que esa poboación sufría reducións importantes.

Omitindo outros posibles cambios anteriores nos cultivos agrarios de Galicia, no século XVII introdúcense os do millo e a pataca. Quizáis no futuro haxa que estudar detidamente esta americanización da nosa dieta alimentaria. O pan, o seu alimento principal, recibe o millo como partícipe e a pataca como suplente, suplencia que se reforzará coa desaparición da castaña. O que conduce a un mellor aproveitamento da terra, a maior esixencia de abonos orgánicos e a roturacións de terreos ermos ou adicados a monte. A ecoloxía acusará estas circunstancias.

Nos tres séculos últimos a tala de carballos, nuns casos pra facer buques e máis adiante pra travesas do ferrocarril, merma considerablemente as nosas fragas. Ibáñez estableceu a súa fundación de Sargadelos co pensamento posto nas fragas próximas, que suministrarían combustibles. A fins do século XIX e comenzos do XX, os soutos galegos comenzan a ser aniquilados pola enfermidade da «tinta»

e o valeiro producido pola súa ausencia vaino encher, en grande parte, o piñeiro, e, na restante, o eucalipto.

Por esta última razón e outras de índole político-económica que non se han enumerar aquí, e menos analizar, empréndese unha repoboación forestal intensa. Como acabamos de dicir, compóñena na súa maior parte resinosas que nos vran secos a que Galicia é propicia, crean o problema dos incendios forestais coa alteración ecolóxica conseguinte. O mesmo tempo, o monte, que coas súas xestas suministraba estercos e combustible, empeza a ser abandonado á súa sorte ou nalgúns sectores é adicado á fruticultura. Orixinan aquel abandono novos sistemas de estabulación do gando e o emprego da electricidade e dos derivados do petróleo. A ecoloxía forestal galega pasará por un cambio profundo con notorias influencias no ambiente.

Do mesmo xeito se verá afectado o sistema hidrográfico, tanto polos cambios que se introducen nos montes e nas terras cultivables —particularmente na maior extensión que cada día acada a pradaría— coma pola construción de embalses que asulagan vales e modifican o curso dos ríos. Estas masas de auga empréganse exclusivamente na produción de enerxía eléctrica e rara vez en regos, deixando á inseguridade da chuvia o que correspondería á administración da auga polo home.

O cultivo do liño e do cáñamo, que ocupaba interesantes anacos de terra cultivable, irá perdendo importancia até desaparecer. Deixarán así de xogar papel na economía galega de subsistencia e na súa desaparición arrastrarán a industria de fabricación de lenzos e de cordas. Á substitución destes cultivos pola pradaría, á que máis arriba nos referimos xa, fomentará a aparición dun maior número de cabezas de gando vacuno cos tamén conseguintes cambios ecolóxicos.

A partir de 1835, en que Mendizábal dispuxo a desamortización dos bens eclesiásticos ou de mans mortas astra o presente, a evolución da tenencia da terra chegará en Galicia e en bastantes casos a parcelamentos mínimos, extendendo aínda máis a acción do home sobre a ecoloxía xeral do país. Como reacción e anque con lentitude, este parcelamento invitará á concentración que, en certo modo, e sin que saibamos por canto tempo, devolve a terra cultivable a unha distribución semellante á que tiña antes da desamortización. Referímonos ó «lugar acasado», mentres o réxime de transmisión do foro o mantén indiviso.

Intensifícase e modernízase a rede de comunicacións, nos só no proceso que vai do ferrocarril ó aeroporto e á autopista, senón nos camiños rurais nos que a vía pavimentada vai pouco a pouco substituíndo a unha «corredoiira» xa estragada polo paso do tractor. Todos estes factores contribúen a que a ecoloxía humana pase tamén por cambios profundos, debidos, sobre todo e dentro de Galicia, á emigración do campo á cidade, manténdose, con todo, astra, agora, o predomínio —no resto de España e de Europa xa tan diminuído— da poboación rural.

#### XXIX. 4. 2. A vida no mar galego

Todos sabemos que as condicións físico-químicas do mar e as súas interrelacións coa atmosfera constitúen o ambiente mariño. Tamén hoxe calquera neno que anda á escola sabe a importancia que prá fotosíntese ten a maior ou menor cantidade de elementos nutrientes contidos tanto na superficie terrestre —á que agora non nos referimos— coma nas augas mariñas, matriz de todo xénero de vida. Aquel proceso orixina no mar o fitoplancton, base dunha das cadeas ou pirámides

tróficas das que o home se aproveita pra subsistir, e que pra beneficio alimentario do home galego, en concreto, presenta unhas condicións que, como xa apuntamos (XXIX. 2. 2.), non se repiten a miúdo noutros lugares do mundo.

Con todo, este tipo de alimentación, en xeral, non chegou a penetrar na masa campesíña galega ó nivel da abundancia deles existente na costa, pois apenas se consumían máis alá da Coresma e en forma de salgadura. O feito de que en Galicia existise unha industrialización relativamente alta, anque rudimentaria, propia desa salgadura, non quere dicir que o noso home do campo fose activo consumidor dela, pois exportábase, nin tampouco que non se importasen salgaduras coma as do bacallau.

A pesares dunha maior dispoñibilidade de proteínas pró home da costa, non por iso deixará este de sufrir carencias graves, cando lle faltan medios con que suplilo que por diversas circunstancias lle nega o mar. Á súa vez o labrego non ten os excedentes agrícolas comercializables con que adquirir produtos mariños ou a dificultade dos camiños se opón á expansión dos produtos do mar. O polbo de feira pode ser símbolo desta historia. Até se cadra ben entrado o século XX, e aínda sin chegar á fame, a deficiencia alimentaria dominaba a grandes masas de poboación galega, adoptando formas moi semellantes ás hoxe comúns en países de baixo desenvolvemento.

As pescarías galegas de finais do século XVIII caracterízanse pola extracción de sardiña e o seu aproveitamento industrial, mediante a salgadura, e por algúns intentos de substituí-las importacións de bacallau pola salgadura da pescada. Tamén se secan e salgan algúns peixes que serven de manutención ó pescador, e aínda á poboación, nos días duros do inverno. Mais pese ás fortes liortas que na xente das costas provoca o emprego de certas artes, puideran non ter sido importantes as alteracións ecolóxicas daquela introducidas no medio mariño polo home.

Non cremos que se poida deci-lo mesmo de tempos máis próximos a nós. No noso ensaio, contido neste mesmo volume, «A Política Pesqueira Internacional e as súas Repercusións en Galicia» (V. 3 e V. 4), referímonos ó desenvolvemento da pesca de arrastre na costa galega e ás súas relacións coa bioloxía, a tecnoloxía e a economía. Insistiremos aquí sobre o tema, pro en canto estas relacións se establecen coa ecoloxía e o ambiente. Porque é posible que neles tivera importancia decisiva a arte de arraste remolcada a vapor, así como a aparición do frío industrial, do que o emprego se expande na nosa beiramar a fins do século XIX. Posteriormente, esta evolución consúmase coa aparición dos motores de explosión e de combustión interna, a conxelación a bordo e a introdución das fibras sintéticas nas artes de pesca.

#### XXIX. 4. 3. Distinto proceder

Se cadra convén salientar neste punto que no mesmo período a agricultura se prové de mellores medios de cultivo, xa por un coñecemento mellor dos chans, xa do emprego de abonos ou de maquinaria, xa da selección das sementes. Este apoio dado á agricultura pola ciencia e maila tecnoloxía, non só aumenta a súa produtividade senón que —e non sin algúns fracasos— dispónena pra un rendemento crecente e sostido, sin ter en conta, por suposto, as circunstancias meteorolóxicas, fora do dominio do home. Con isto intentamos dicir que na agricultura a inventiva se dirixe á intensificación do cultivo. No mar ocorre o contrario.





Como mostra do anterior podemos exhibilo feito de que, mentres a partires de 1973 aparece en Galicia a tendencia a transformar en pasta de papel a celulosa contida nas súas fragas de piñeiros e de eucaliptos, esta tendencia esmorece logo, mais polas vacilacións que no ánimo inversor introduce a crise económica que pola resistencia que a poboación fixera ante posibles contaminacións. Porque se aquela resistencia pode vencerse mediante a inversión en técnica anticontaminante, á crise orixinada nos precios do petróleo ou na inseguridade política non se lle poden percura-las mesmas solucións.

Pró segundo aceptaremos-la denominación de prexuício urbano, que lle dá Lipton. A cidade á que, polo xeral, aflúe o aforro do campo —aforro emigrante ou non emigrante— invírteo na industrialización ou acumúlao na urbanización, en canto a chan e edificios acentuada pola defensa contra a inflación. A cidade, como tamén indicamos mais arriba, convírtese en monstro ambiental, contaminado e inzado de problemas, non só aposto ós intereses de campesiños e pescadores, senón ós dos seus propios habitantes. Entre campo e cidade ábrese unha devasa que cada día se anchea mais en lugar de reducirse.

O terceiro consiste en que en Galicia non só campo e cidade, e con esta os núcleos urborurais, falan distinta linguaxe de intereses, senón que o idioma como manifestación de ideas e sentimentos establece unha dicotomía entre a poboación. O campo e o mar falan galego, mentres a cidade se expresa en castelán. O propio galeguismo, visto mais como fenómeno socio-cultural ca político, e a pesares das súas influencias urbanas, leva na súa conciencia un fondo agrarista e trata de defender da opresión urbana ó home rural.

O anterior revélase mesmo nos seus portavoces principais, intelectuais e poetas, moitos deles de orixe urborural. Este agrarismo e galeguismo intelectualizados trábanse nunha xorda capa resistente a toda penetración industrializadora de Galicia. O proceso agrávase cando se estenden os coñecementos sobre o ambiente e a súa contaminación e sobre a ecoloxía e os trastornos que se lle causan. Así a industrialización, como fonte de ocupación, fracasa.

### XXIX. 5. 3. Solucións

Ademáis das que no curso deste ensaio quedan mais insinuadas ca manifestadas, tales coma a redución do crecemento vexetativo da poboación, cómpre urbaniza-lo campo e ruraliza-la cidade. Estará de mais decir que non será isto un intercambio de vicios e de erros, senón de virtudes e de acertos.

A cidade aportaría ó campo todos aqueles elementos culturais, sociais e económicos centralizados hoxe nela e que mellor contribúsen ó desenrolo da poboación rural, equiparándoa en tódolos niveis á urbana e sin orixinar danos ambientais, nin graves rupturas ecolóxicas. É dicir, tenderíamos a reduci-las fondas diferencias hoxe existentes entre a antropoloxía urbana e a rural.

A ruralización da cidade suporía non tanto unha supresión no posible da acumulación cancerosa de edificios dispersándoos a través dun campo ben comunicado, senón que o interés urbano acolla os problemas rurais e viceversa. Un, entre outros, destes problemas pode resumirse nunha mellor e maior aportación alimentaria agraria e mariñeira e unha mellor retribución dese esforzo por parte da cidade. Claro que todo isto, e como xa se indicou, suporía unha ordenación do territorio galego ben adaptada ó seu ambiente e ecoloxía. A propia industrialización

necesita dunhas regras que ante o aire, a auga e o chan xustifiquen a súa presenza.

Isto ha ser obxecto dunha política moderna e, polo tanto, con sólidas bases científicas e que resulte común ós programas dos partidos e mesmo poida servir de elemento básico ó interés automático galego. Pro este ensaio non pode nas súas arriscadas propostas pasar de ahí e deixará a outros, se paga a pena, o desenvolvemento destas ideas, que non entrañan orixinalidade ningunha, senón a necesidade á que o mundo se ve hoxe obrigado en grande parte.

Fundado en 1879

Rúa Magalanes 202-204, Ferrol

www.ceneultra.org

## BIBLIOGRAFIA

ABAD FLORES, Obdón Luis, *Una opción para la Reforma Agraria de Galicia*, Madrid, 1977.

BANCO DE BILBAO, *Galicia. Su realidad socio-económica*, Bilbao, 1970.

BARREIRO FERNANDEZ, X. R.; DIAZ FIERROS, F.; FABRA BARREIRO, G. e OUTROS, *Los Gallegos*, Ediciones Istmo, Madrid, 1976.

BEIRAS TORRADO, J. M., *Estructura y Problemas de la Población Gallega*, Edición Patrocinada polo Servicio de Estudios do Banco do Noroeste, 1970.

BONNEFOUS, Edouard, *¿El Hombre o la Naturaleza?*, Fondo de Cultura Económica, México, 1973.

DURAN, J. A., *Historia de Caciques, Bandos e Ideologías en la Galicia no Urbana: Rianxo, 1910-1941*, Siglo XXI de España, Editores, Madrid, 1972.

EDMUNDS, Stahl e LETEY, John, *Ordenación y Gestión del Medio Ambiente*, Instituto de Administración Local, Madrid, 1975.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, *Geografía de Galicia*, Santiago de Compostela.

GARCIA FERNANDEZ, Jesús, *Ordenación del Espacio y Economía Rural en la España Atlántica*, Siglo XXI de España, Editores, Madrid, 1971.

GARCIA SABELL, Domingo, e OUTROS, *A Galicia Rural na Encrucillada*, Galaxia, Vigo, 1975.

HAWLEY, Amos H., *Ecología Humana*, Editorial Tecnos, Madrid, 1966.

LIPTON, Michel, *Why Poor People Stay Poor. Urban Bias in World Development*, Australian National University Press, Canberra, 1977.

LISON TOLOSANA, Carmelo, *Antropología Cultural de Galicia, Moradas del Vivir Galaico*, Madrid, 1974.

MEIJIDE PARDO, Antonio, *Encuesta sobre Cosechas de Lino y Caña en la Antigua Provincia de La Coruña-1827*, Separata de Revista Instituto «José Cornide» de Estudios Coruñeses, Anos VIII-IX, núms. 8 e 9, 1972-73.

MEIJIDE PARDO, Antonio, *Panorama Industrial de Galicia*, Separata de «Estudios Geográficos», núms. 140-141, Agosto-Novembro, 1975.

MEIJIDE PARDO, Antonio, *Negociantes Catalanes y sus Fábricas de Salazón en la Ría de Arosa (1780-1830)*, A Coruña, 1973.

MEIJIDE PARDO, Antonio, *Economía Marítima de la Galicia Cantábrica en el Siglo XVIII*, Universidade de Valladolid, Departamento de Historia Moderna, 1971.

MITSCHERLICH, Alexander, *La Inhospitalidad de nuestras Ciudades*, Alianza Editorial, Madrid, 1969.

ORGANIZACION DAS NACIONS UNIDAS PRA AGRICULTURA E A ALIMENTACION, *La Contaminación. Un problema internacional para la pesca*, Roma, 1971.

QUINTANS VAZQUEZ, M.ª del Carmen, *El Dominio de San Martín Pinarío ante la Desamortización (Rentas de la Abadía)*, Universidad de Santiago de Compostela, 1972.

REVISTA DE OCCIDENTE, *Ecología y Urbanismo*, Madrid, Febreiro-Marzo, 1975, núms. 143 e 144.

ROSS, R. D., *La Industria y la Contaminación del Aire*, Editorial Diana, México, 1974.

SAINT MARC, Philipoe, *Socialización de la Naturaleza*, Guadiana de Publicaciones, S. A., Madrid, 1970.

TABOADA ARCEO, Antonio, *Galicia. Estructura y Ritmo Socio-Económicos*. Servicio de Estudios e Publicacións das Cámaras Oficiais de Industria, Comercio e Navegación de Galicia, 1971.

TENORE, Kenneth e GONZALEZ GARCIA-ESTRADA, Nicolás, *Food chain patterns in the Ría de Arosa. Spain: an area of intense mussel aquacultura*, Woods Hole Oceanographic Institution, Woods Hole, Massachusetts 02543, U.S.A. e Laboratorio da Coruña, Instituto Español de Oceanografía. A Coruña, España, (Fotocopia do Orixinal), 1977.

VIEITEZ CORTIZO, Ernesto e FABREGAS LORENZO, Ramón, *Estudios sobre la Producción de Pastos en la Provincia de Pontevedra*, Facultade de Ciencias e Consello Superior de Investigacións Científicas, Santiago de Compostela, 1977.



Entrevistas

Eloy de la Iglesia asistió al coloquio de su película «El Diputado»  
«Mi público es el que va a las sesiones continuas, los domingos por la tarde en un pueblito cualquiera»

«Esta experiencia de Ferrol, de celebrar coloquios en sesiones públicas, me parece nueva e interesante».



El avión trae cuatro horas de retraso. Eloy de la Iglesia no llegará ya a la presentación de su más reciente película, «El diputado», en un acto organizado por el Ateneo Ferrolano. Si nos damos prisa, podremos llegar a tiempo para el coloquio. El coche empieza a saltar.

Eloy de la Iglesia es un hombre joven: no parece «divino», ni «hermético», ni «ausente». Debe de tener hambre y estar cansado, pero se interesa (sus padres eran gallegos) por las elecciones municipales, nos habla de Blanco Amor, de su infancia en Orense. Y luego, hablamos de cine.

—Pero, ¿tú puedes hacer ya realmente el tipo de cine que quieres hacer?

—El cine es una industria. Existe una censura, la industrial que coharta tu libertad de expresión, porque lo que hagas ha de ser rentable. Hemos superado la censura oficial, pero las trampas que acechan a un cineasta son innumerables: asombra la tranquilidad con que la Administración clasifica las películas. A «El diputado» la han considerado «S» y es que es una película no pornográfica o erótica, sino que molesta al Poder. Falta realmente una política cultural que nos permita liberarnos de unos intereses mercantilistas, porque el Cine, que es un Arte, se halla convertido en una mercancía más.

—La homosexualidad es el tema de dos de tus últimos filmes: «Los placeres ocultos» y «El diputado»; sin embargo, esta cuestión aparece incluso en aquéllos pertenecientes a un tiempo en el que estaba prohibido hablar de eso, como fuera para ridiculizar al «mariquita gracioso».

—Creo que el problema de la homosexualidad ha de entenderse dentro del campo de la libertad sexual en general. Un homosexual no es un monstruo o un espécimen raro, y sus problemas tienen el mismo origen que los de los heterosexuales, sólo que ellos están más marginados. Si yo defiendiendo la libertad sexual, es lógico que me acerque a los aspectos más sangrantes del problema. Pero a ver quién se atreve a afirmar que una relación heterosexual libre es algo aceptado por nuestra sociedad. No son, pues, dos problemas distintos, sino facetas de la misma cuestión: la libertad del hombre.

—Tus películas son muy directas; nada intelectualizadas. Eso, naturalmente, las aleja de los festivales, donde la oscuridad narrativa suele ser un grado. ¿Es que

no te interesa entrar en ese juego?

— A mí, lo que me ha interesado siempre es lograr un cine popular. Si para llegar al gran público, ese que no ha «superado» nada ni «pasado» de nada, hay que recurrir al melodrama, recurre al melodrama o a lo que sea. El público no son los «cine-clubs» y, sin dejar por ello de respetarlos, tienes que tener en cuenta de que salíamos de un período donde la cultura estuvo sólo al alcance de una élite social. ¿Tendría algún sentido plantearle el problema de la homosexualidad a los espectadores españoles siguiendo el esquema de Fassbinder, por ejemplo?

— Te invita el Ateneo Ferrolano a discutir con el público «El diputado»; ¿es nuevo para tí este tipo de contacto?

— En el caso de esta cinta, sí. Pero hace unas semanas estuve en Córdoba, presentando «Los placeres ocultos». Claro que esta experiencia de Ferrol de celebrar coloquios en sesiones públicas, donde asiste el cinéfilo y el simple espectador, me parece nueva e interesante. A mí, los cinéfilos, claro está, me acusan de excesivo didactismo. Es lógico, ya he dicho que mi público es el que va a las sesiones continuas los domingos por la tarde, en un pueblecito cualquiera.

— ¿Qué estás preparando ahora?

— Trabajamos en el guión de una biografía de «El Jaró», ese niño bandido que murió hace poco en Madrid.

— ¿Supone esto una ruptura con tu anterior trabajo?

— No, es otra vez el mundo de la marginación, la droga, el sexo. Y una pregunta a todos: ¿puede considerarse civilizada una sociedad con niños de doce años convertidos en delincuentes habituales?

J. TORREGROSA

Reproducción de la entrevista de «LA VOZ DE GALICIA» el 24-3-79

## Ferrol vendida a la atrofia cultural

### Cuatro Asociaciones Culturales luchan contra la apatía, con escasos medios

Una ambulancia está preparada para llevarse a la unidad de cuidados intensivos a la cultura de Ferrol, parálitica y necesitada de oxígeno. Como en cualquier otra ciudad de Galicia, las alternativas que se ofrecen pueden contarse con los dedos de la mano y son fruto del voluntarismo, de la militancia cultural de una minoría a la que también se le regatean los aplausos por su actividad. A nivel oficial hay una gran despreocupación ante el tema y son las asociaciones culturales ferrolanas las que cimentan un pequeño castillo de esperanza.

Quien se lleva la palma es el ATENEO FERROLAN, con 1.200 socios aproximadamente y una estructura interna en base a vocalías. Desde su nacimiento en agosto del año 76 ha celebrado del orden de los doscientos actos.

#### LLENAR LAS LAGUNAS A BASE DE INGENIO

Estas sociedades que han nacido por sus propios medios y se debaten con los problemas económicos y, en muchas ocasiones, con la indiferencia o la apatía de sus asociados no dejan de poner puntales para que el edificio de la cultura ferrolana no se venga abajo. Que en Ferrol no hay cine de calidad suficiente en la programación comercial, pues van los chicos del ATENEO y realizan sesiones de cine-forum seguidas de coloquio en que intervienen especialistas. Que el teatro brilla por su ausencia, pues cogen a los grupos más significativos del teatro independiente español y los ponen en cartel. Que se celebra el aniversario de Beethoven, pues se traen músicos griegos o la orquesta de Bratislava. Que en Ferrol sólo hay tres bibliotecas, una apenas dotada de material escolar y didáctico, otra con la mayor parte de sus volúmenes quemados después de la guerra y apenas renovada desde entonces, la tercera de muy difícil acceso, pues se organizan presentaciones de libros, se incita a la lectura independiente. Que resulta que hace diez años que se ha muerto León Felipe, pues venga homenaje divulgativo de su obra. Sin embargo, es una actividad que sabe a poco todavía, por mucho que sea un oasis en un desierto.

El ATENEO sigue. Quizás la actividad que está más en la boca de la gente es un ciclo de recuperación de la historia de Ferrol, con la presencia de especialistas en el tema. Pero estas cosas también pasan de largo en una ciudad donde el pueblo apenas presta importancia a los fenómenos culturales, absorbido como está por otras preocupaciones.

Elo no obsta para que estén programadas listas de actos a realizar. En este mes de febrero, por El Ferrol pasarán «Las mil y una noches» de Pier Paolo Pasolini, un recital de Claudina y Alberto Gambino y un ciclo de recuperación del músico, nacido en Madrid, Gregorio Baudot. El ATENEO, además, en este año internacional del niño pretende darle especial significación al lema, organizando diversos actos sobre el tema, que ya cuentan con el precedente de varias sesiones de cine-forum sobre la nueva escuela cubana.

«EL POPE» de 25 de Febrero de 1979

*Edita:* **ATENEO FERROLAN**  
RUA do SOL, 81 - 1.º  
**FERROL**

*Imprime:* **Vda. de Miguel López Torre**  
Real, 4 - Santiago, 3 - 5 y 12  
Teléfono 430057  
**PONTEDEUME**

DEPOSITO LEGAL N.º C - 247 - 1979

SERVICIO ESPECIAL PARA NEGOCIOS  
Y ESTABLECIMIENTOS COMERCIALES.

## El Banco que nunca cierra.




La mayoría de los negocios hacen su recaudación importante por la tarde. O por la noche. Cuando los bancos están cerrados. Y surge el problema de dónde guardar la recaudación.

La solución se la ofrece el Banco de Bilbao. Y se llama "Caja Fuerte Permanente".

Usted tendrá una pequeña bolsa, donde caben billetes, talones e incluso monedas. Cuando cierre su establecimiento, sólo tiene que acercarse a la Oficina más próxima del Banco, abrir la Caja Fuerte con la llave especial que también le daremos y depositar su bolsa, que desaparecerá al instante.

Por la mañana, el dinero estará a su disposición e incluso, si lo desea, lo ingresaremos diariamente en su cuenta corriente.

La solución, por su simplicidad y eficacia, ha sido adoptada por miles de negocios. El Banco de Bilbao ofrece gratuitamente todo el servicio. Y también quiere ofrecérselo a usted.



**Caja Fuerte Permanente.**



**BANCO DE BILBAO**

AUTORIZADO POR EL BANCO DE ESPAÑA CON EL N.º 11.235

© MMLB Banco de Bilbao T6 B



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

[www.ateneoferrolan.org](http://www.ateneoferrolan.org)

